Na Ilustración anterior, do seguinte grupo maioritario por grandes grupos de idade, observamos sobre as persoas que se sitúan entre os 65 e 85 e máis anos, que o primeiro grupo maioritario son aquelas persoas que se sitúan con 85 e máis anos, é dicir, dentro da chamada 4ª idade. Así, o seguinte grupo son aquelas persoas con 85 e máis anos, indicativos da situación de sobreenvellecemento da poboación no municipio de Castroverde.

Se nos detemos na evolución deste grupo de idade, nos últimos 10 anos obtemos os seguintes resultados:




Ilustración 18. Gráfico elaboración propia. Poboación do Concello de Castroverde por grupos de idade. Gráfico elaboración propia. Fonte: Datos IGE. (2018)

De xeito máis específico, respecto ao grupo de persoas con máis idade neste intervalo, vemos que con respecto aos últimos 10 anos a poboación de 80 a 84 anos diminuíu de forma considerable, dando paso o aumento progresivo de persoas con idades comprendidas entre os 85 e máis anos de xeito moi significativo. De novo, estes datos amosan

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	28/107





unha acusada tendencia no sobreenvelleemento da poboación, polo que é necesario deseñar políticas sociais e realizar unha planificación de recursos de atención ás persoas maiores que garanta o seu benestar.

Con motivo de analizar a área de influencia do Concello de Castroverde, vamos a continuación a coñecer un pouco máis a situación actual de aqueles concellos indicados, pertencentes a provincia de Lugo, máis próximos a realidade demográfica respecto ao envellecemento que Castroverde

En canto ao grupos de idade das persoas residentes nestes concellos, interésanos coñecer os seguintes datos:

a) **Respecto a idade da poboación do Concello de Castroverde, e dos concellos da provincia valorados.**

Idade media:




Ilustración 19. Gráfico elaboración propia. Idade media da poboación. Fonte: IGE. (2018)

Como vemos na Ilustración anterior, no conxunto de municipios a idade media flutúa entre os 54,55 e 56 anos, aumentando naqueles Concellos con menor número de habitantes, indicador da despoboación que sofre as zonas rurais da nosa Comunidade Autónoma quedando a residir persoas de maior idade, e sobre todo que teñen un vínculo emocional coa súa terra e os seus fogares.

Respecto a porcentaxe por grupos de idade dos municipios integrantes:

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	29/107






Ilustración 20. Gráfico elaboración propia. Porcentaxe de poboación por idades. Fonte: IGE. (2018)

Como amosa o gráfico, a maior parte da poboación concéntrase no intervalo máis numeroso, é dicir o que comprende dende os 20 aos 64 anos de idade, sendo o seguinte intervalo a poboación maior de 65 anos, e con ampla diferenza os menores de 20, motivo polo que o Índice de envellecemento rexistra valores tan altos.

Dentro de este grupo maioritario da poboación, atopamos os seguintes datos:

No caso de Castrovende, como xa indicamos nos puntos anteriores, sendo o grupo maioritario o mesmo, a poboación concéntrase nos grupos de maior idade. Vexamos a situación real dos demais municipios que estamos a estudar.




Ilustración 21. Gráfico elaboración propia. Poboación por grupos de idade dos Concellos da área de influencia. Fonte: IGE. (2018)

Igual que no caso de Castrovende, aínda que o grupo poboacional máis numeroso sexa o que comprende o intervalo de idade de 20-64 anos, se analizamos polo miúdo en que grupos se concentra a poboación, obtemos os mesmos

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	30/107





resultados. Dentro de ese intervalo de idade, a poboación concéntrase nos últimos anos do intervalo, polo que valoramos que a proxección da poboación de Castrovverde e dos Concellos a estudar será o envellecemento da mesma e a entrada nun curto prazo da chamada terceira idade. No caso de Baralla e Guntín, o maior grupo poboacional é o de 60-64 anos.

Dentro do segundo grupo poboacional maioritario nestes concellos, obtemos os seguintes datos:




Ilustración 22. Gráfico elaboración propia. Poboación por grupos quinquenais de idade dos Concellos da área de influencia. Fonte: IGE. (2018)

Na Ilustración anterior, por regra xeral a excepción do municipio de Baralla, repítese o observado no municipio de Castrovverde, a poboación dentro do intervalo de idade de 65 a 85 e máis anos, concéntrase no final do intervalo, é dicir, e maioritaria a poboación pertencente a 4ª idade, isto é aquelas persoas maiores de 80 anos.

Estes datos están en relación co indicado sobre as previsións para España realizadas polo INE, nas que vaticinaba como escenario extremadamente preocupante, que, dentro de dez anos, no conxunto do Estado, a poboación maior de 65 anos supoñería un 29% da poboación total.

Ademais do anterior, e sempre referido ao conxunto dos concellos obxecto do estudo, debemos sinalar que o fenómeno denominado “envellecemento do envellecemento” ou sobreenvellecemento poboacional, en ambos casos casos en ambos, casos a poboación maior sitúase nun colectivo con moita maior vulnerabilidade.

MUNICIPIO	PERSONAS MAIORES DE 80 ANOS	PERSONAS MAIORES DE 85 ANOS	PORCENTAJE DE PERSONAS MAIORES DE 85 RESPECTO AO TOTAL DE MAIORES DE 80 ANOS
CASTROVERDE	433	254	58,66%
O CORGO	557	309	55,47%
FRIOL	674	359	53,47%

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	31/107





MUNICIPIO	PERSOAS MAIORES DE 80 ANOS	PERSOAS MAIORES DE 85 ANOS	PORCENTAXE DE PERSOAS MAIORES DE 85 RESPECTO AO TOTAL DE MAIORES DE 80 ANOS
GUNTÍN	431	228	52,90%
PORTOMARÍN	274	149	54,37%
POL	251	142	56,57%
BARALLA	434	209	48,15%
BALEIRA	251	142	56,57%

Ilustración 23. Gráfico elaboración propia. Índice de envejecimiento e sobreenvieccemento. Fonte: IGE. (2018).

b) **Respecto do índice de envejecimiento e sobreenvieccemento:** Os datos destes índices corresponden ao ano 2018, xa que se ben a nivel autonómico e provincial xa se conta no IGE con datos do ano 2019, aínda non están dispoñíbles os relativos aos datos de envejecimiento e sobreenvieccemento a nivel municipal.




Ilustración 24. Gráfico elaboración propia. Índice de envejecimiento e sobreenvieccemento. Fonte: IGE. (2018).

Como se amosa na Ilustración anterior, e significativo o índice de envejecimiento dos Concellos de Baleira, Portomarín e Guntín. Así mesmo, os municipios de Baleira, Pol e Castrovverde son os que presentan un maior sobreenvieccemento poboacional, moi por riba da media para a provincia de Lugo e o que se establece para a Comunidade Autónoma. De xeito específico, Castrovverde tamén ten cifras superiores para ambos índices.

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	32/107





c) Respecto á esperanza de vida da zona de influencia de Castroverde.

Ao indicado con anterioridade, hai que sumarlle a proxección da esperanza de vida. A forma máis sinxela, e observar a proxección que ofrecen as seguintes pirámides poboacionais que se recollen referentes as proxeccións polo IGE sobre a Comarca de Lugo.




Ilustración 25. Pirámide de poboación Comarca de Lugo. Atlas Comarcal. Fonte: IGE. (2020)

É necesario comparar a anterior pirámide de poboación (2020) coas que se amosan a continuación correspondentes á proxección de poboación dos anos 2028-2033. Sendo todas pirámides de poboación regresivas (diminución de natalidade e envellecemento continuo) e é interesante fixarse na prospección de poboación na súa cúspide: Como se pode apreciar, na cúspide sobre todo a partir do rango de idade dos 85, o número de persoas desta e de máis idades incrementáse significativamente (chamativo no grupo de persoas con idades de máis de 100 anos, persoas pertencentes a chamada 5ª idade), indicativo de que o sobreenvellecemento da poboación é unha tendencia actual que se afianza e aumenta nun futuro próximo derivado do incremento da esperanza de vida debido a unha mellora nas condicións de vida e das posibilidades sociosanitarias, indicativo dunha sociedade evolucionada.

Estes datos indican a necesidade de planificar recursos asistenciais para os e as veciñas da Castroverde e arredores, que ao igual que acontece no conxunto da provincia, será cada vez maior a súa esperanza de vida aumentando de xeito paralelo a idade media da poboación, o que implica que moitos e moitas persoas que exerzan as tarefas de coidado, serán por extensión persoas que precisan tamén dos mesmos.

Esta proxección evidencia un sobreenvellecemento continuo, que derivará nunhas limitacións físicas e cognitivas debido o envellecemento biolóxico. Co aumento da idade, é frecuente a aparición de enfermidades crónicas que repercuten de xeito directo na capacidade do desenvolvemento das actividades básicas, instrumentais e avanzadas da vida diaria. Estas persoas que poden requirir de coidados e atencións, poderán contar con fillos e fillas, que a súa vez xa estarán dentro do colectivo da terceira e cuarta idade, polo que a situación de saúde da persoa coidadora incrementárase a sobrecarga de coidado, e polo tanto o deterioro do seu estado de saúde. É necesario que as administracións públicas

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	33/107





dispoñan dunha rede de recursos de coidado e apoio, tanto ás persoas maiores que así o precise, como ás persoas coidadoras habituais, posibilitando a calidade de vida das familias e garantindo as atencións suficientes que dignifiquen esta etapa da vida.




Ilustración 26. Proxección de pirámides de poboación da Comarca de Lugo (2028-2033). Atlas Comarcal. Fonte: IGE. 2020.

2.2.2. Os fogares

É preciso deternos neste punto, xa que a composición dos fogares tamén é un factor clave a hora de planificar aqueles recursos sociais que dean cobertura ás necesidades dos e das veciños.

Con moivo do aumento da esperanza de vida, así como a independencia dos fillos e fillas, que en moitas ocasións trasladan a súa residencia fora da contorna dos seus pais e nais, ou familia de procedencia, levan a que a realidade de moitas persoas sexan una residencia en solitario. Tendo isto en conta, é preciso votar unha ollada aos indicadores anteriores, que amosan unha situación onde o aumento da esperanza de vida e os baixos índices de natalidade describen un mapa de Galicia envellecida, máis se cabe nas zonas afastadas de grandes núcleos de poboación.

Así, a tipoloxía dos fogares no conxunto de Galicia, en comparación coa zoa de **Lugo Central (que comprende as comarcas de Ulloa, Meira, Lugo e a Terra Chá)**, segundo a proxección de datos do IGE (2016), son fogares compostos por parellas con fillos/as, seguidos en segundo lugar dos fogares unipersoais. Sen embargo, na proxección de

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	34/107





composición de fogares, establécese que para o ano 2031, a primeira modalidade maioritaria de tipo de fogares serán os unipersoais.

Máis concretamente segundo os datos de fogares unipersoais nos municipios estudados




Ilustración 27. Gráfico elaboración propia. Composición dos fogares do Concello de Castroverde. Fonte: INE. 2011.

Como se indica na Ilustración anterior, respecto aos fogares unipersoais, no Concello de Castroverde, a primeira tipoloxía de fogar son as compostas por dúas persoas, seguindo moi de cerca aqueles fogares unipersoais. No Censo de Poboación de 2011 (INE), rexistráronse 1096 fogares no **municipio de Castroverde**, entre os cales en 226 **fogares residía unha persoa soa, o que representa o 20,62 % do total**.

No resto de municipios a estudar, como podemos observar, a primeira tipoloxía de fogares unipersoais atopámola no municipio de Friol. No caso de Baralla, Portomarín e Pol, non é a primeira tipoloxía cunha diferenza dun fogar, que a sitúa en segundo lugar. En termos xerais existe moi pouca diferenza entre o número de fogares unipersoais aos compostos por dúas persoas, indicativo da tendencia xa comentada sobre a previsión de que pase a ser a tipoloxía de fogar maioritario.

Asemade, é necesario ter en conta ao seguinte dato: Segundo datos do IGE (2016), **a idade media dos fogares unipersoais na zona de Lugo Central é de 66,03 anos**, superior ao do resto da provincia que se establece en 66,27 anos, sendo de 62,67 anos no conxunto da Comunidade Autónoma.

É polo tanto necesario, planificar recursos que poidan dar cobertura a persoas que precisen de apoio e supervisión fora do seu ámbito residencial. Dos datos anteriores, tamén se conclúe que se o conxunto de fogares unipersoais nesta área territorial é ampla, tamén se debe ter en conta a densidade de poboación do territorio a estudar, polo que existe risco dun illamento demográfico, con carencia de familia de proximidade e rede social que poida realizar tarefas de coidados e supervisión, polo que faise necesario que **as administracións públicas establezan unha rede de recursos de atencións que poida dar resposta a esta necesidade, e de ser posible, non se modifique o medio habitual de residencia, sendo isto posible trasladando o seu fogar a un Centro Residencial próximo a súa contorna**, sen que se produza unha modificación dos lazos sociais e familiares existentes.

O Servizo que se propoñen no presente Estudio, ofrecerá un recurso de proximidade na atención ás persoas maiores. Plantéxase poñer en marcha un Servizo de Atención residencial na contorna máis inmediata dos veciños e veciñas de Castroverde, e próximos a veciños e veciñas da área de influencia, así como un Servizo de atención diúrna que contribúa

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	35/107





a ter un recurso de apoio, tanto para a prevención da situación de dependencia das persoas usuarias, como para aliviar a carga de coidados que poden estar a experimentar un gran número de familias, contribuíndo a conciliación laboral, persoal e familiar.

Indicar novamente que non se exclúe a aquelas persoas que por lazos territoriais desexen acceder aos mesmos, nin aquelas persoas que demanden estas prazas fora dos supostos anteriores, sen embargo, **si se estima prioritario que as persoas que teñan un sentimento de pertenza a un territorio concreto, con identificación territorial, cultural, familiar e social poidan vivenciar a etapa da ancianidade neste lugar, cos coidados e atencións necesarias, gozando dos dereitos que garantan a súa calidade de vida.**

2.2.3. Persoas en situación de dependencia recoñecida

Non se atopan datos estatísticos concretos sobre o Concello de Castroverde, nin sobre a súa área de influencia, debido a que os datos existentes analízanse sobre o conxunto da nosa Comunidade Autónoma. Os mesmos indican o seguinte:

Persoas con dependencia segundo a idade. Galicia

Unidade: incidencia (%)

Idade	2007	2011	2017
Total	3,72	3,45	4,40
Menos de 50 anos	0,66	0,83	0,97
De 50 a 64 anos	2,04	1,58	2,14
De 65 a 74 anos	5,53	3,61	4,49
De 75 ou máis anos	21,96	19,21	22,90

Ilustración 28. Enquisa estrutural a fogares, persoas con dependencia. Fonte: IGE. (2018)

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	36/107





A incidencia da dependencia aparece de xeito maioritario en grupos de poboación de 75 ou máis anos, o que se pode asociar coas pluripatoloxías que poden estar presentes en moitos procesos de envellecemento.

Persoas con dependencia. Áreas. Ano 2017

Unidade: incidencia (%)




Ilustración 29. Enquisa estrutural a fogares, mapa da CCAA. Fonte IGE. 2018

De xeito específico consultamos os seguintes datos, referentes aos valores de persoas con dependencia sobre o total en cada área de Galicia.:




Ilustración 30. Gráfico elaboración propia. Enquisa estrutural a fogares, persoas con dependencia Provincia de Lugo. Fonte: IGE. 2018

Estes datos obtéñense a partir da autoclasificación da persoa enquisada. Como podemos ver a zona de Lugo Central ocupa o terceiro lugar. Este posición débese sen embargo, a que dentro de Lugo Central compréndese ao Concello de Lugo, sendo esta a máis habitada da provincia polo que desvirtúa os datos referentes o total da zona.

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	37/107





2.2.4 Os ingresos

Neste punto terase en conta os ingresos medios da poboación de Castrovirde. Votando unha ollada aos factores económicos do conxunto da poboación, poderase entender mellor a necesidade de poñer en marcha servizos públicos destinados a ancianidade, xa que en moitas ocasións a ausencia ou insuficiencia de recursos económicos suficientes para custear estes servizos a través do réxime de libre mercado, impiden ou dificultan o acceso da poboación aos mesmos.

Toda problemática de atención ás persoas maiores con ou sen discapacidade, asociadas a importantes necesidades orzamentarias, está directamente relacionado coa política de pensións establecida polo Estado a través da Seguridade Social.

Importe medio de pensións segundo clase, en Galicia e por provincia:

PENSIONES CONTRIBUTIVAS DO SISTEMA DA SEGURIDADE SOCIAL										
	TOTAL		INCAPACIDADE PERMANENTE		XUBILACIÓN		VIUDEDADE		ORFANDADE. A FAVOR DE FAMILIARES	
	2015	2016	2015	2016	2015	2016	2015	2016	2015	2016
GALICIA	748,08	762,64	816,01	825,41	847,51	866,17	533,26	540,15	385,90	390,11
Coruña (A)	788,85	804,34	822,64	832,75	900,68	920,56	569,95	576,88	394,02	397,96
Lugo	662,99	675,47	809,52	817,15	739,28	755,34	456,33	463,10	377,10	381,37
Ourense	646,93	657,63	802,39	812,54	707,68	720,02	468,67	474,63	387,51	391,13
Pontevedra	788,28	803,39	817,29	826,52	905,70	924,93	555,64	562,24	379,01	383,77

Ilustración 31. Pensiones contributivas da Seguridade Social en Galicia. Fonte: IGE. 2016.

A continuación expoñemos un mapa autonómico onde se indica os diferentes importes de pensións medias que se perciben en cada municipio de Galicia, así como podemos observar nun primeiro vistazo, os municipios obxecto de estudo sitúanse os intervalos primeiro e segundo.




Ilustración 32. Pensiones contributivas da Seguridade Social en Galicia. Fonte: IGE. 2016.

Máis concretamente respecto a situación da Comarca de Lugo:

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	38/107






Ilustración 33. Importe medio da pensión na Comarca de Lugo. Atlas comarcal, tema Benestar. Fonte: IGE 2018.

O importe medio da pensión tal e como amosa a Ilustración anterior, sitúase en torno aos 916,13 euros (ano 2016) incrementándose levemente para as persoas con idades superiores aos 65-74 anos. Valórase que este importe medio, en comparativa con outras comarcas é maior debido a influencia dun municipio de gran poboación e con características urbanas como é Lugo.

De xeito máis específicos, temos os seguintes datos respecto ao número de pensionistas e importe medio das pensións percibidas:

	Número de pensionistas	Importe Medio das pensións
Castroverde 2018		
Total	971	744,47 €
0-64	156	657,38 €
65-74	288	812,74 €
75-84	320	733,11 €
85 e mais	207	732,66 €

Ilustración 34. Táboa elaboración propia. Número de pensionistas e importe medio das pensións municipio de Castroverde. Fonte IGE (2018)

Ao finalizar o ano 2018, contabilizáronse **971 pensionistas** (todas as idades e ambos sexos) no Concello de Castroverde. O importe medio mensual das pensións sumou a cantidade de **744,47 €**.

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	39/107





A situación económica descrita fai relevante a intervención dos poderes públicos ante a dificultade de acceso dende o punto de vista económico, dun/unha pensionista medio/a a unha praza residencial no libre mercado. Porén, e preciso que a poboación dispoña de recursos públicos de calidade, que posibiliten o acceso sen que a súa situación económica non sexa un impedimento, evitando unha discriminación económica e garantido un estado de benestar para o conxunto dos cidadás e cidadáns.

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	40/107





3. ASPECTOS SOCIOLÓXICOS E SANITARIOS

Nos puntos anteriores, estableceuse de xeito innegable o envellecemento da poboación, froito dunha maior calidade de vida das persoas, co correspondente aumento da esperanza de vida. Este benestar deriva do **afianzamento do Estado de benestar, sendo este un logro social acadado en aras dunha sociedade máis igualitaria, concibindo os aspectos sociais e sanitarios coma aspectos fundamentais a protexer e conservar por parte das administracións públicas.**

Outro aspecto de importancia no percorrido social, é que as mulleres e os homes dispoñan da liberdade para desexar ou non ter descendencia, é dicir, poden realizar unha planificación familiar segundo as súas expectativas vitais, deseñando a estrutura das súas familias, o que pode repercutir no descenso das taxas de natalidade.

Así mesmo, a necesaria implantación de políticas de igualdade, como resposta aos movementos feministas que loitan para que as mulleres non sexan cosificadas como meros instrumentos de coidado e mantemento do fogar, sitúa o deber de dispensar os coidados ás persoas maiores no conxunto de toda a sociedade. **Neste último senso, queda moito esforzo por facer, debendo continuar a romper os estereotipos de xénero derivados da sociedade patriarcal que continúan a situar de xeito inxusto ás mulleres como responsables dos coidados, na mingua da súa independencia económica e laboral.**

E obriga de todos e todas planificar e dispensar estes coidados, sendo este benestar un reflexo dunha sociedade avanzada e multixeracional.

Polo tanto, o panorama social actual establece un papel fundamental das administracións públicas, debendo dar unha resposta axeitada que promova o respecto dos dereitos individuais e familiares, e garanta o benestar de todo o conxunto de poboación, e sobre o tema que nos ocupa, dos e das maiores.

Como factor fundamental, base da creación de novos recursos públicos de atención e como consecuencia da análise dos datos poboacionais, vemos un claro factor de despoboamento que evidencia unha problemática consecuencia da mesma, isto é o illamento social e a soidade, os cales son definidos pola Organización Mundial da Saúde como a insatisfacción co número e a calidade das relacións sociais (soidade) e a falta de contacto social (illamento social), ambos factores que se asocian co deterioro do estado de saúde. Así, a OMS no Informe Mundial sobre Envellecemento e Saúde (2015) nas súas conclusións establece o concepto de **soidade non desexada**, sendo esta un dos maiores riscos para o deterioro da saúde e un factor determinante que favorece a entrada destas persoas en situacións de dependencia.

A conciencia sobre este grave problema, está a despertar pouco a pouco, así países como o **Reino Unido en xaneiro de 2018 crea o seu Ministerio da Soidade**, xa que entenden esta problemática como un factor determinante de atención na saúde pública. **En Francia** estase a levar a cabo un estudo para desenvolver o **Plan Nacional de Loita contra a Soidade**. En España non temos por parte das institucións do Estado iniciativas neste senso, **así o Defensor do Pobo en Outubro de 2018 solicitou abrir un debate público e social** para a abordaxe desta problemática.

As diversas conclusións para paliar as consecuencias das soidade non desexada abogan por **establecer recursos de atención social ás persoas maiores que faciliten a súa participación social**, reforzando os vínculos da súa rede de apoio máis próxima e creando recursos de atención social de proximidade.

Está así pois a Deputación de Lugo e o Concello da Castroverde á vangarda a nivel estatal para atallar e dar resposta ás necesidades sociais detectadas.

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	41/107





4. MARCO NORMATIVO E CONTEXTUALIZACIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS.

A Constitución Española de 1978, indica no seu artigo 50, que os poderes públicos promoverán servizos sociais que permitan garantir a protección e atención particulares que precisan os colectivos de persoas maiores, que atenderán aos seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio. Por outra banda, no artigo 137, establécese que o estado organízase territorialmente en municipios, en provincias e en Comunidades Autónomas, gozando de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses.

Na Lei 7/1985 de Bases do Réxime Local (en diante, LBRL), establécese no seu artigo 25.1. **que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal**, promovendo toda clase de actividades e prestando cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e en todo caso exercerá, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social. No ámbito da nosa Comunidade Autónoma, sen embargo, a **Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei de Racionalización e sustentabilidade da Administración Local (en diante, LRSAL), establece que os concellos en materia de creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios teñen o carácter de competencias propias atribuídas pola lexislación autonómica.**

A LBRL establece que as **Deputacións teñen como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais**, no marco da política económica e social. De acordo co establecido no artigo 36 da LBRL, modificado pola LRSAL, unha das competencias propia da Deputación é *“a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”*. Este artigo, enumera as competencias propias do ente provincial, estipulando a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos Concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión.

Así mesmo, o artigo 118 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (en diante, LALGA) establece que compete ás Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos en especial a realización de obras en todo o territorio provincial. No artigo 80.2.K, establécese que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma na prestación dos servizos sociais e a promoción e reinserción social. Así mesmo, na súa sección 5 “Dos municipios rurais”, indica que os municipios rurais e a Xunta de Galicia poderán celebrar Convenios mediante os que se regularán as formas de asistencia e cooperación técnica e económica destinada a dotar a aqueles da infraestrutura precisa para garantir a prestación dos servizos mínimos aos cidadáns/cidadás.

No ámbito competencial, e tendo en conta o establecido **no artigo 60 da LSSG, correspóndenlles aos Concellos**, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, entre outras competencias a creación, xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos, así como, a xestión e o mantemento dos **servizos sociais comunitarios específicos**. As competencias exerceranas os concellos por si mesmos ou asociados, **ou a través de fórmulas de colaboración interadministrativa**, co fin de alcanzar unha maior eficacia e rendibilidade social dos recursos dispoñibles. As actividades municipais complementarias doutras administracións públicas, reguladas no artigo 62 da LSSG, establece que para a mellor atención das necesidades sociais do seu ámbito territorial, e unha vez garantida a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos e demais competencias, os concellos de Galicia poderán crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia, de acordo co Catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente. A LSSG establece no artigo 63, que as Deputacións provinciais, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica, aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de 20.000 habitantes.

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	42/107





Salientar, por outra banda, o indicado na LSSG no artigo 64 bis, Promoción da colaboración interadministrativa para a creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais. A Administración xeral da Comunidade Autónoma, promoverá a formalización de convenios administrativos de colaboración entre ela ou as entidades instrumentais do sector público autonómico e as entidades locais para a creación, a xestión e o mantemento de servizos sociais, en especial no que respecta aos servizos comunitarios específicos, co fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio así como os criterios de economía, eficiencia e eficacia na xestión e o uso racional dos recursos públicos, con independencia da concreta administración titular. Estes convenios de servizos sociais, poderán ter por obxecto a cesión de bens ás entidades locais con destino á prestación destes, mediante centros de día e residencias, ou a cofinanciación de Centros de día e residencias nas condicións que neles se establezan. Os convenios recollerán os termos da dispoñibilidade ou achega de medios humanos, técnicos ou financeiros e, no seu caso das instalacións dos centros que en cada caso procedan para cumprir cos principios establecidos nesta disposición .

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, establece no seu artigo 26 as funcións dos servizos sociais comunitarios específicos, no marco do establecido no artigo 13 da Lei 13/2008, sendo a atención de persoas maiores ou con limitacións na súa autonomía mediante Residencias de día e outros servizos de atención diúrna ou nocturna e a xestión de calquera outro equipamento que favoreza un ámbito de convivencia alternativa nos casos de necesidade temporal tecnicamente valorada; no artigo seguinte, indícase que estes Centros, debidamente autorizados e acreditados, poderán prestar servizos incluídos no catálogo do SAAD.

Co fin de facilitar a calidade e cobertura equilibrada de servizos en todo o territorio, no artigo 30.2, establece que, a Xunta de Galicia promoverá, mediante fórmulas de colaboración interadministrativa, a xestión dos centros e servizos sociais comunitarios específicos que se determine na planificación do sistema galego de servizos sociais.

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, establece no artigo 19 en relación ás persoas maiores, que as actuacións da Administración pública galega, garantirán a cobertura das necesidades de atención e coidado das persoas maiores: prestando atención integral e continuada ás persoas maiores procurando o seu benestar físico, psíquico e social, especialmente a aquelas que se atopen en situación de dependencia; posibilitando a permanencia das persoas maiores no ámbito familiar e social no que teñan o seu arraigamento; e fomentando niveis de atención de calidade na prestación de servizos ás persoas maiores. Así mesmo, establece que a Administración potenciará as políticas públicas que eviten o illamento das persoas maiores, favorecendo a socialización, as actividades interxeracionais e servizos públicos que permitan o intercambio de experiencias, velando especialmente polas persoas maiores que polas súas condicións persoais, sociais ou económicas se atopasen en risco de exclusión social.

Sinalar por último neste punto, a aprobación na nosa Comunidade Autónoma do *DECRETO 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo*, que establece un catálogo de recursos e prestacións a aplicar na nosa Comunidade Autónoma para as persoas valoradas en situación de dependencia.

A carteira de servizos sociais constitúe o instrumento mediante o cal se relacionan as modalidades e prestacións que integran o contido dos servizos previstos no catálogo regulado polo artigo 15 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. Esta última carteira é a que indicaremos de xeito específico, ao tratarse da Carteira con máis relevancia para o ámbito deste estudo de viabilidade.

A carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia está integrada por:

- a) A carteira de servizos común: son aqueles servizos de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia, dirixidos a persoas cuxo diagnóstico non requira da asignación de servizos que, sendo da mesma natureza, estean incluídos en calquera das carteiras específicas.

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	43/107





- Os servizos de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal.
 - O servizo de axuda no fogar, para a atención a persoas dependentes, que inclúe unha especialidade no servizo dirixida a persoas con discapacidade auditiva.
 - O servizo de tele asistencia e xeolocalización.
 - Os servizos de atención diúrna, con modalidade básica e terapéutica.
 - Os servizos de atención residencial, con modalidade básica e terapéutica.
 - O servizo de atención nocturna.
- b) A carteira de servizos específicos: son aqueles dirixidos a persoas dependentes, que tendo idade igual ou superior a 16 anos, teñan diagnosticada algunha das seguintes limitacións: alzhéimer, discapacidade física, parálise cerebral, dano cerebral, discapacidade intelectual, trastorno do espectro autista ou enfermidade mental.
- c) A carteira do servizo de asistente persoal: son aqueles servizos dirixidos a facilitar o apoio persoal, inclusión social e/ou educativa, así como a promoción e participación das persoas que, sendo de idade igual ou superior a 16 anos, se atopan en situación de gran dependencia ou dependencia severa, co obxecto de permitir o seu desenvolvemento nas actividades da vida diaria, laborais e/ou educativas e propiciar a participación da persoa usuaria na vida social e económica.
- ♦ Decreto 254/2011 de 23 de decembro. Rexistro, Autorización, Acreditación e Inspección de Servizos Sociais de Galicia.

Pola súa especial relevancia, citaremos textualmente o artigo deste último, que regula a solicitude de inicio de actividade de centros, obxecto do presente traballo:

“Artigo 22. Autorización de creación/construción de centros.

1. Para os efectos deste decreto entenderase por creación ou construción de centros:

a) A edificación de nova planta de inmobles ou establecementos destinados a albergar algún dos centros de servizos sociais regulamentariamente tipificados.

b) Aquelas reformas que pola súa natureza signifiquen un cambio do destino actual do inmovible co fin de adecuarse ás condicións requiridas para cada tipo de centro de servizos sociais pola normativa vixente que resulte de aplicación en cada caso.

2. A autorización de creación/construción de centros ten por finalidade a adecuación do proxecto técnico de construción ou reforma do inmovible á normativa específica que lle resulta aplicable, segundo a tipoloxía do centro que se pretenda crear, os servizos que se vaian prestar e as persoas destinatarias deste.

Artigo 23. Documentación necesaria para a obtención da autorización de creación/construción de centros.

1. O procedemento para a obtención da autorización de creación ou construción de centros iniciárase coa presentación pola/o titular ou representante legal da entidade da que dependa o centro da correspondente solicitude normalizada (anexo II) ante o órgano competente en materia de autorización e inspección da consellería da Xunta de Galicia con competencia en materia de servizos sociais, acompañada da seguinte documentación:

a) Memoria explicativa na que se fagan constar os dereitos sobre a parcela e/ou inmovible, a súa localización, a descrición do centro, a súa tipoloxía, as persoas destinatarias e unha estimación sobre o número de prazas previsto.

b) Documentación técnica do proxecto, en soporte papel e informático, co alcance e definición requirida polo Código Técnico da Edificación para os proxectos de execución, asinada por técnico/a competente.

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	44/107





c) Xustificante acreditativo de ter satisfeitas as taxas de autorización de creación/construción de centros ou programas de servizos sociais exixidas na normativa vixente.

2. Presentada a documentación necesaria, emitírase un informe técnico sobre a adecuación do proxecto ao cumprimento dos requisitos exixidos na norma específica de aplicación. No caso de que sexa necesario, poderase requirir ao interesado as emendas necesarias no prazo máximo dun mes desde a súa comunicación. A non emenda no prazo indicado suporá a denegación da autorización solicitada.

3. De estimarse que a documentación técnica remitida non se presenta co nivel de definición requirido ou é insuficiente para acreditar o cumprimento dos requisitos exixidos na lexislación sectorial, poderase emitir un informe técnico sobre a viabilidade do proxecto, con carácter informativo e non vinculante, e que non presuporá a concesión da autorización.

4. A concesión desta autorización non exime á entidade titular de solicitar a autorización de inicio de actividade unha vez rematada a obra.

5. A concesión desta autorización leva consigo a súa anotación de oficio no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Socialización''

- ♦ Orde de 18 de abril de 1996. desenrolo do decreto 243/1995 de 28 de xuño sobre requisitos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores.
- ♦ Orden do 16 de abril de 2014 pola que se regulan as condicións dos ingresos e traslados en servizos prestados en centros propios ou concertados, no ámbito da atención á dependencia e da promoción da autonomía persoal.

Esta Orden, regula os ingresos e traslados na rede pública de servizos da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia de persoas en situación de dependencia, así como o ingreso e traslado de persoas maiores e persoas con discapacidade, que logo de ser valoradas segundo o baremo de valoración da situación de dependencia vixente en cada momento, non acadan o recoñecemento de persoa dependente ou o grao de dependencia suficiente para acceder ao recurso a través do sistema para a autonomía e atención a dependencia.

- ♦ **Convenio colectivo de residencias privadas da terceira idade de Galicia.** RESOLUCIÓN do 13 de marzo de 2018, da Secretaría Xeral de Emprego, polo que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación no Diario Oficial de Galicia do IV Convenio colectivo de residencias privadas da terceira idade de Galicia.
- ♦ **Convenio colectivo de persoal da Deputación Provincial de Lugo: Acordo Marco Único (BOP 31-01-91), Convenio Colectivo Único (BOP 30-08-90), Acordo de Condicións de Traballo (BOP 14-06-95) vixentes, conformando un so Acordo de Condicións de Traballo do persoal funcionario e laboral desta Deputación Provincial e INLUDES, e as seguintes modificacións:**
 - Regulamento de Acceso, Carreira e Provisión do Posto. BOP Nº226. Data: 30 de setembro de 2006, polo que se modifica o AMU.
 - Modificación de determinados artigos do acordo marco único regulador das condicións de traballo do persoal funcionario (A.M.U) e do convenio colectivo único do persoal laboral (CCU) da deputación, como consecuencia dos acordos da mesa xeral común de negociación, de 25 de outubro de 2012. BOP Nº 068. Data: 22 de marzo de 2013.

http://www.deputacionlugo.gal/sites/deputacionlugo.org/files/Documentos/0_7872_1.pdf#PAGE=1

No anterior, estarase ao disposto de aquelas modificacións que afecten de xeito directo ao persoal da Deputación de Lugo.

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	45/107





4.1. LEXISLACION SOBRE CONTRATACION

- ♦ Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público

4.2. LEXISLACIÓN ORZAMENTARIA E DE RACIONALIZACIÓN

- ♦ Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réximen Local.
- ♦ Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- ♦ Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financieira.
- ♦ Lei 27/2013 de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local
- ♦ Orde HAP/2075/2014 de 6 de novembro pola que se establecen os Criterios de Cálculo do custe efectivo dos servizos por entidades locais. Esta Orde Ministerial establece os criterios de cálculo de todos os servizos prestados polas Administracións Locais.
- ♦ Lei 8/2017, de 26 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.
- ♦ Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2018.
- ♦ Lei 14/2013 de Racionalización do Sector Publico Autonómico.

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	46/107





5. RECURSOS DE ATENCIÓN DISPOÑIBLES E INTERESES DO CONCELLO DE CASTROVERDE PENDENTE

Unha vez aclarado o contexto no que se asentan os servizos sociais na nosa Comunidade Autónoma, e de xeito específico no contexto local, é necesario votar unha ollada específica aos recursos, programas e prestacións que están implantados e prestan atención a este colectivo ou ás súas familias. Así mesmo, **tendo en conta o anterior marco normativo estatal, autonómico e local, pódese afirmar que dentro dos intereses do Concello de Castroverde, atópase achegar aos veciños e veciñas aos servizos sociais específicos que cubran a demanda xeneralizada na provincia de Lugo, e no conxunto da Comunidade Autónoma, sobre o acceso a Centros de atención residenciais próximos as súas contornas, como garantía de benestar e calidade de vida.**

Actualmente o municipio de Castroverde carece desta modalidade de recurso de atención (realizada consulta a través do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, en data 17.01.2020).

Se ben dentro do principio de autonomía local, a través de instrumentos de financiamento (como o Plan Concertado), ou a aprobación da *Carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia*, establécese de xeito homoxéneo un mapa de recursos e prestacións, integrado por programas, servizos e prestacións de carácter técnico- profesional e de natureza material ou tecnolóxica, seguen a existir particulares na prestación entre concellos, en función da dispoñibilidade, posibilidade e voluntariedade de inversión que cada administración local faga nos Servizos Sociais.

5.1. EQUIPAMENTO DE ATENCIÓN RESIDENCIAL E CENTRO DE DÍA. COMPARATIVA AUTONÓMICA E PROVINCIAL.

No seguinte cadro indícase o número de equipamentos que ofertan prazas para a atención das persoas maiores en **Galicia (141 miniresidencias cum total de 5.057 prazas)**, debéndose ter en conta a comparativa da situación de cada provincia.

NÚMERO MINRESIDENCIAS	TOTAL RESIDENCIAS	INICIATIVA PÚBLICA	INICIATIVA SOCIAL	INICIATIVA PRIVADA CON ÁNIMO DE LUCRO	TOTAL PRAZAS
A CORUÑA	38	7	7	24	1401
OURENSE	58	16	23	19	2139
LUGO	19	11	5	3	680
PONTEVEDRA	26	6	4	16	837

Ilustración 35. Táboa elaboración propia. Prazas para atención ás persoas maiores en Galicia. Fonte: RUEPSS. Consulta en data xuño 2019.

Como se desprende da táboa anterior, as entidades de iniciativa pública na Provincia de **Lugo** representan un peso de tan só o 13,47% do total, sendo necesario indicar que una das residencias que se computan na táboa anterior é o CAM da Fonsagrada, que aínda non se atopa en funcionamento. Sen embargo, na Provincia de **Ourense, cun mapa demográfico case idéntico á da Provincia de Lugo é do 41,13**. Estas cifras supoñen un claro reflexo da descompensación

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	47/107





que esta a sufrir Provincia de Lugo na distribución de recursos de atención ás persoas maiores no tocante as miniresidencias.




Ilustración 36. Gráfico elaboración propia. Número de miniresidencias. Fonte: RUEPSS. (2018)

Segundo o Informe de Fiscalización do Gasto de Atención Residencial a persoas maiores e dependentes, do Consello de Contas de Galicia (2018), a provincia de Ourense, é a que conta, con carácter xeral (non soamente tendo en conta as miniresidencias), cun maior número de centros residenciais, pola maior incidencia da iniciativa pública e social (atribuída a Fundación San Rosendo), seguida da Coruña, mentres que Lugo é a provincia con menos centros residenciais. (p. 32).

Centros residenciais en la Comunidad Autónoma						
	Iniciativa privada	Iniciativa pública			Iniciativa social	Total general
		Iniciativa Admón. general	Iniciativa Admón. institucional	Iniciativa Admón. local		
A Coruña	38	11	4	1	17	71
Lugo	10	6			14	30
Ourense	21	7	2	9	37	76
Pontevedra	29	6	1	3	14	53
Total general	98	30	7	13	82	230
Centros residenciais con plazas públicas en el SAAD						
A Coruña	14	11	4		4	33
Lugo	9	6			6	21
Ourense	2	7	2	1	20	32
Pontevedra	10	6	1	2	6	25
Total general	35	30	7	3	36	111

*No se incluyen en esta relación los apartamentos tutelados de Antas de Ulla

Ilustración 37. Táboa Centros Residenciais Comunidade Autónoma. Informe de Fiscalización do Consello de Contas de Galicia. (páx. 35)

Sobre o Servizo de Atención Diúrna, na provincia de Lugo, obtéñense os seguintes datos:

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	48/107






Ilustración 38. Número de Centros de Atención Diurna por provincia. Fonte: RUEPSS. Elaboración Propia (2018).

Na ilustración anterior obsérvase como na provincia de Lugo existe un 15% de prazas de servizo de atención diurna. Non resulta menos que curioso que comprobar neste caso a comparativa coa porcentaxe da provincia de Ourense, debido o alto índice de sobreenvelleemento de ambas, podendo xustificarse en que maiormente en ambas provincias o recurso de centro de día e un recurso relativamente novo, con pouco percorrido, polo que pode existir menos demanda debido a unha necesidade subxectiva de asistir a este tipo de servizos, que contribúen a prevención de situacións de dependencia e melloran o benestar das persoas usuarias.




Ilustración 39. Tipo de prazas en Centros de Atención Diurna na Provincia de Lugo. Fonte: RUEPSS. Elaboración Propia (2018)

Como se amosa nos Ilustracións anteriores, no marco da Comunidade Autónoma de Galicia, a provincia de Lugo é a que conta con menor número de Centros de Atención Diurna. Así mesmo, na *Ilustración* amósase na nosa provincia, o número de prazas segunda a tipoloxía, sendo de novo as prazas privadas as mais numerosas en número, e de segundo as prazas ofertadas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

No caso dos recursos **dispoñíbles no municipio de Castroverde, así como nos concellos que se están a estudar**, segundo os datos extraídos do Rexistro Único de Entidades Prestadoras dos Servizos Sociais (en diante, RUEPSS) a oferta autorizada, incluíndo as diferentes tipoloxías existentes, iniciativas de xestión (pública, privada e social) e a dispoñibilidade das mesmas son as seguintes¹:

¹Fonte RUEPSS. Datos consultados en data 17.01.2019.

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	49/107





- **CASTROVERDE**

Non contan con recursos recursos dispoñibles con identica ou similar actividade.

No caso dos recursos dispoñibles na área de influencia de Castrovverde, a situación é a seguinte:

- **O CORGO**

Centro de Día O Corgo. Entidade de Iniciativa Pública (Consortio Galego de Benestar): Prazas financiadas 28. Prazas dispoñibles 0.

- **FRIOL**

Centro de Día O Corgo. Entidade de Iniciativa Privada con ánimo de lucro: Prazas autorizadas 28. Prazas dispoñibles 0.

- **GUNTÍN**

Residencia. Entidade de Iniciativa Privada con ánimo de lucro: Prazas autorizadas 85. Prazas financiadas: 14. Prazas dispoñibles 0.

- **PORTOMARÍN**

Non contan con recursos recursos dispoñibles con identica ou similar actividade.

- **POL**

Residencia. Iniciativa Pública (Centro de Atención as persoas maiores do Concello de Pol). Prazas autorizadas 36. Prazas Dispoñibles 0.

Indicar que este Centro é froito dos convencios establecidos entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pol, cunha xestión pública directa e co establecemento de contrato de servizos para determinadas prestacións. As prazas xa se atopan cubertas a data actual (17.01.2020), contando así mesmo cun total de **6 persoas en lista de agarda e 20 solicitudes pendente de tramitación por parte dos servizos sociais da Deputación de Lugo e 2 solicitudes pendentes de tramitación por parte dos servizos sociais comunitarios do Concello de Pol**.

- **BARALLA**

Apartamentos Tutelados (Maiores). Entidade de Iniciativa Social (Fundación San Rosendo): Prazas autorizadas 34. Prazas dispoñibles 2. Estímase que o recurso apartamento tutelado non se corresponde coa tipoloxía do recurso que se propón no presente Estudo, xa que non é segundo a Orde do 18 de abril de 1996 polo que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprí-los cenytos de atención as persoas maiores, no tocante o seu artigo 2.

Residencia. Iniciativa Social (Fundación San Rosendo). Prazas autorizadas 70. Prazas Financiadas 0. Prazas Dispoñibles 0.

- **BALEIRA**

Residencia. Iniciativa Pública. Prazas autorizadas 24. Prazas Financiadas 24. Prazas Dispoñibles 0.

A título informativo sinalar que a comarca dispón dos seguintes centros residencias ou convivenciais:

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	50/107



**CONCLUSIONES:**

Dentro da área de influencia estudada, nos municipios de Guntín e Portomarín, atópanse RESIDENCIAS (prazas entre 60-120). Se ben, estes centros tamén son un recurso de aloxamento para as persoas maiores, **non se estima que haxa unha duplicidade, xa que a tipoloxía do centro que se está a propoñer para Castrovirde é o de miniresidencia (de 13 a 59 prazas como máximo).**

No Concello de Pol e de Baleira, atópanse centros residenciais da mesma tipoloxía proposta (de 13 a 59 prazas máximo), pero é necesario indicar que o Centro de Pol atópase con tódalas prazas cubertas, e cunha gran demanda de acceso, como se indicou a data 17.01.2020 son 6 as persoas en lista de espera e 22 expedientes de solicitudes pendentes de valorar. No caso do Concello de Baleira, segundo os datos do RUEPSS, non ten prazas dispoñibles na actualidade.

Ao respecto dos Centros de Día, tanto de iniciativa pública, como de iniciativa social, indicar que en data da consulta levada a cabo no RUEPSS, non dispoñen de prazas libres, polo que non poderían poñer fin a demanda.

Sen entrar no debate sobre os cambios na atención residencial, sí **valoramos a necesidade de que os e as veciños dispoñan dun recursos de asistencial de aloxamento na súa contorna próxima**, que posibilite, dentro da medida do posible, a continuidade das súas interrelacións familiares e veciñais cotiás, e de ser posible o mantemento de hábitos respecto ao emprego dos recursos locais.

Polo, tanto, apóstase por levar a cabo unha atención xerontolóxica centrada na persoa, e que a súa estancia no centro residencial, salvando as distancias obvias, sexa o máis aproximado a un fogar onde vivenciar esta etapa da vida.

Tal e como indica Pilar Rodríguez² (2014):

“a residencia ideal, é aquela que podería resumirse na que que sexa capaz de ofrecer, ademais da atención que se precisa, un ambiente fogareño con elementos persoais, ademais de estímulos que fomenten a sensación de control do medio e das actividades da vida cotiá e onde tamén se cultiven relacións afectivas. Considérase que a mellor forma de lograr que os equipamentos responsan a auténtica demanda e aspiración das persoas que van a precisalo nun futuro, pasa por realizar unha planificación de deseños nos que se combine a vivenda propia coa atención e apoio para a independencia e a autonomía. Esta combinación esixe de xeito moi especial enfatizar no cambio de concepto producindo unha total desconexión entre a casa (propia) e os servizos profesionais que se reciben, o que significa que os novos modelos de aloxamento o que se ofrece non é unha habitación, se non unha nova vivenda”.

Victor Regnier, arquitecto e xerontólogo, analiza e avalía os tipos de aloxamento para coñecer cales son as que poden ofrecer contornos que fomenten e garantan o benestar das persoas maiores, sinalando 10 claves a ter en conta para os equipamentos presentes e futuros, valorando coma a **primeira o emprazamento do centro**, no propio entorno comunitario das persoas e preferentemente con espazos abertos. Con esta premisa, garantirase a continuidade coa vida anterior, mantendo as relacións sociais e promovendo a facilidade para as novas interaccións.

² Rodríguez, P. (2011). Hacia un novo modelo de aloxamento. (páx. 32). Consultado en Liña: 19.10.2018

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	51/107





6. RAZÓNS IMPULSORAS DO PROXECTO

Nun mundo tecnicamente complexo, as Administracións Públicas en xeral e as Entidades Locais en particular, veñen obrigadas a prestar cada vez máis servizos e de maior calidade, respondendo así a demanda daquelas persoas que desexen acceder a un centro residencial.

Este recurso aséntase nunha serie de principios nos que a continuidade no medio, a autonomía persoal e a participación son fundamentais para garantir o benestar persoal, sendo indubidablemente necesario a colaboración das administracións públicas. Valóranse como aspectos fundamentais, e así motivan a posta en marcha deste equipamento, a posibilidade de continuar permanecendo na contorna territorial e a non discriminación económica para o acceso ao recurso.

A Deputación Provincial de Lugo no ano 2010, tendo en conta a situación sociodemográfica de sobreenvelleemento da súa poboación, co especial repercusión nas zonas rurais, e sendo coñecedora dos recursos existentes cos que contaba a provincia, iniciou un proxecto ambicioso á vez que necesario para dar resposta a esta necesidade mais que evidente e manifesta, en concreto a construción e/ou financiamento de centros de atención a persoas maiores, en colaboración cos concellos da provincia, por ser estes os que ostentan a competencia en materia de servizos sociais comunitarios, así como, por ser as entidades mais próximas aos cidadáns, que en último termo é a quen vai dirixido este proxecto.

Co obxecto de poñelo en marcha, **a Deputación de Lugo asinou diferentes convenios de colaboración con concellos da provincia que manifestaron o seu interese en participar de maneira directa no mesmo, atopándose entre eles o Concello de Castroverde**. Así ao longo dos últimos anos, fóronse artellando diferentes formas de cooperación e colaboración tanto técnica, como económica entre concellos e Deputación, dando lugar a unha rede de centro de atención a persoas maiores financiadas por esta entidade provincial.

A capacidade da entidade local (Concello de Castroverde e Deputación de Lugo) para a xestión do Centro, apoiárase na forma concreta prevista para a prestación do servizo, **sendo esta definida entre a Deputación de Lugo e o Concello de Castroverde mediante Convenio Marco, e a determinación do réxime xurídico mediante Convenio Específico, tal e como se ven levando a cabo no resto de Centros de Atención ás persoas maiores da provincia que seguen este modelo de xestión e que se atopan actualmente en funcionamento**, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación que **será asinado entre ambas partes**.

O Concello de Castroverde e a Deputación Provincial de Lugo, tendo en conta a situación sociodemográfica de sobreenvelleemento da súa poboación, con especial repercusión nas zonas rurais, e sendo coñecedora dos recursos existentes cos que contaban os concellos limítrofes, iniciou un proxecto para dar resposta a esta necesidade máis que evidente e manifesta, en concreto a construción e/ou financiamento dunha residencia de persoas maiores e un centro de atención diúrna, en colaboración cos concellos da provincia, por ser estes os que ostentan a competencia en materia de servizos sociais comunitarios, así como, por ser as entidades mais próximas aos cidadáns e cidadás. Así ao longo dos últimos anos, fóronse artellando diferentes formas de cooperación e colaboración tanto técnica, como económica entre distintos concellos e Deputación, dando lugar a unha rede de Centros de atención a persoas maiores financiadas pola entidade provincial. **No caso que nos ocupa, reproducirase esta mesma colaboración interadministrativa para a posta en marcha da RESIDENCIA E CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES “RESIDENCIA O CASTRO”.**

Con data 26.10.2010 o Pleno da Deputación Provincial de Lugo aprobou a encomenda de xestión á Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, S.A., para a construción e xestión de centros de atención a persoas maiores, entre os cales se atopa a construción dos centros de atención a persoas maiores de Castroverde.

A Deputación de Lugo e o Concello de Castroverde asinaron un **convenio de colaboración o 15.03.2011**, co obxecto de construír un Centro de Atención a Persoas Maiores, no municipio de Castroverde, así como, pra a dotación de equipamento e posta en marcha.

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	52/107





A **Deputación de Lugo**, entidade rexistrada no RUEPSS e titular da competencia ao abeiro do citado convenio de colaboración, **solicitou a autorización para a creación/construción da Residencia para Persoas da Terceira Idade no citado municipio o 05.07.2012**, sendo outorgada mediante resolución da secretaría xeral técnica da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia de data 08.03.2013, en concreto autorizouse a construción dunha residencia para persoas maiores cunha capacidade de 29 prazas + 1 de enfermería, expediente BS103D 2012/00060-0.

Actualmente, constan resoltas favorablemente as autorizacións para construción ou creación de centros de servizos sociais dos centros de atención a persoas maiores impulsados dende a Deputación Provincial de Lugo (Miniresidencias e Centros de día) neste municipio de Castrovirde, ditadas por resolución do órgano competente en materia de autorización e inspección da Consellería da Xunta de Galicia con competencia en materia de servizos sociais, segundo o establece o Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais en Galicia, nelas constan como entidade titular esta administración local: a Deputación Provincial de Lugo.

Posteriormente o 24.09.2015 solicitouse unha modificación substancial da citada autorización de construción da Residencia, para poder engadir un Centro de Día, sendo esta modificación outorgada o 22.04.2016, expediente BS103D 2015/000091-0, mediante resolución do secretario xeral técnico da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, concedeuse a autorización para a creación do centro de servizos sociais Residencia Para Persoas Maiores De Castrovirde cun total de 30 prazas residenciais e 2 prazas de enfermería, en concreto resolveu:

"(...) 1.- Conceder a autorización administrativa para a creación/construción do centro RESIDENCIA PARA PERSOAS MAIORES O CASTRO situado en RÚA ALCALDE XETAS, no concello de Castrovirde (Lugo), que se iniciou a instancia da entidade DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, (...) cun total de 30 prazas residenciais e 2 prazas de enfermería, sen prexuízo do que se determine no procedemento de permiso de inicio de actividades con ocasión do que se derive da inspección ocular. (...)"

Posteriormente o 25.04.2019, mediante resolución do secretario xeral técnico da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, concedeuse a autorización para a creación do centro de servizos sociais Centro de Día Para Persoas Maiores De Castrovirde cun total de 24 prazas, en concreto resolveuse:

Así como:

"(...) 1.- Conceder a autorización administrativa para a creación/construción do centro de CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES O CASTRO situado en RÚA ALCALDE XETAS, no concello de Castrovirde (Lugo), que se iniciou a instancia da entidade DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, cun total de 24 prazas, sen prexuízo do que se determine no procedemento de permiso de inicio de actividades con ocasión do que se derive da inspección ocular. (...)"

A **Deputación de Lugo** solicitou a autorización de inicio de actividade de centros e programas de servizos sociais (en adiante PIA) en documento datado a **24.09.2015**, sendo este rexistrado na Xunta de Galicia o 30.09.2015, recollendo

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	53/107





unha solicitude de PIA conxunto tanto para o Centro de Día, como para a Residencia “O Castro”, así como, solicitábase a súa vez, unha modificación substancial da Residencia, sendo esta modificación outorgada, expediente BS103D 2015/000091-0, mediante resolución do secretario xeral técnica da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

Mediante resolucións da secretaría xeral técnica da Consellería de Política Social de 8 de xaneiro de 2018, autorizouse a Suplusa o inicio de actividades dos centro de servizos sociais Centro de Día para persoas maiores O Castro e Residencia de Maiores O Castro, en concreto, resolveu:

“ Conceder AUTORIZACIÓN do inicio de actividades do centro de servizos sociais RESIDENCIA PARA PERSOAS MAIORES O CASTRO situado en RUA ALCALDE XETAS N° 11 no concello do Castroverde (Lugo), que se iniciou a instancia da entidade SOCIEDAD URBANÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO SA, (...)”

“ Conceder AUTORIZACIÓN do inicio de actividades do centro de servizos sociais CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES O CASTRO situado en RUA ALCALDE XETAS N° 11 no concello do Castroverde (Lugo), que se iniciou a instancia da entidade SOCIEDAD URBANÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO SA, (...)”

A Xunta de Goberno da Deputación, administración tutelante da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, S.A, en sesión de **09.03.2018**, declarou a perda de condición de medio propio desta a Sociedade Urbanística, para a prestación de servizos sociais. Nese acordo en exercicio da prerrogativa de tutela, tamén se ordenaba a cesión ou traslado de peticións e trámites procedimentais, en curso, do medio propio a favor da **administración matriz e titular (a Deputación Provincial de Lugo)**, incluída a **entrega de resultados dos centros de atención a persoas maiores de Castroverde financiados pola Deputación de Lugo**, trasladando dito acordo a entidade mercantil. Posteriormente o **23 de marzo de 2018, trasladóuselle a perda de condición de medio propio de Suplusa a Xunta de Galicia**, solicitando que en aplicación do artigo 4.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, **se teña a esta Deputación por subrogada en todos os procedementos administrativos que se tramiten**, en relación cos centros de atención a maiores, promovidos, financiados e construídos por encargo da Deputación Provincial de Lugo, **incluídos os do municipio de Castroverde**.

O **06.08.2018** solicitouse por parte da Deputación de Lugo á Xunta de Galicia o cambio de titularidade nas autorizacións administrativas ao abeiro do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais de Galicia, dos centros de atención a maiores, promovidos, financiados e construídos, por encargo, da Deputación Provincial de Lugo o 23.03.2019, o 06.08.2018 e o 21.06.2019.

Mediante **resolución da Presidencia de 29.01.2019** quedou incorporada a edificación ao Inventario de Bens e Dereitos da Deputación de Lugo.

Actualmente atópase xa rematado, o centro de atención a persoas maiores: Miniresidencia e Centro de Día no Concello de Castroverde constando incorporado a edificación ao Inventario de Bens e Dereitos desta Deputación mediante decreto da Presidencia de 29.01.2019. Notar que se conta con autorización de construción creación, por parte da Xunta

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	54/107





de Galicia, así como, de actividades para ambos servizos, polo que parece que procede dar un paso mais neste proxecto, en concreto para a posta en marcha dos mesmos.

En data 13 de novembro de 2019 o Pleno da Corporación en sesión ordinaria, adoptou o acordo do “Convenio Marco, interadministrativo de cooperación, entre os concellos da provincia e a deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en Centros de Atención a persoas maiores. Convenio Bilateral Deputación de Lugo- Concello de Castroverde. Convenio Biltareal Deputación de Lugo- Concello de Castroverde”.

Convenio Marco: Ten por obxecto fixar as liñas comúns de desenvolvemento, financiamento, organización, coordinación, dirección, xestión e funcionamento das prestacións propias dos Residencias de atención ás persoas maiores; implantar e aplicar a regra de prioridade por veciñanza e proximidade xeográfica, a fin de manter ás persoas maiores no seu entorno vital, familiar e social; e establecer o carácter homoxéneo das prestacións en todo o territorio provincial.

Estase pendente de aprobación do **Convenio Específico**, que será o que desenvolva o Convenio Marco interadministrativo de cooperación, no cal se recollerán o servizo residencial, que se prestará directamente polas Administracións intervenientes e as prestacións que non se poden prestar directamente por estas (dadas as limitacións para a contratación de persoal establecidas pola normativa orzamentaria) e débense cubrir mediante contratación, previa a licitación e adxudicación correspondente de conformidade coa normativa sectorial en materia de servizos sociais e co previsto no artigo 30.3 da Lei de contratos de Sector Público, onde se establece que a prestación de servizos realizarase normalmente pola propia Administración polos seus propios medios. Con todo, cando careza de medios suficientes, previa a debida xustificación no expediente, poderase contratar de conformidade co establecido no Capítulo V do Título II do Libro II da citada Lei de Contratos.

A Lei de servizos sociais de Galicia establece no seu artigo 29 as formas de prestación dos servizos sociais: os cales serán prestados polas administracións públicas galegas a través das seguintes fórmulas: a) a xestión directa, b) a xestión indirecta no marco da normativa reguladora dos contratos do sector público, c) mediante o réxime de concerto social previsto na presente lei, d) mediante convenios con entidades sen ánimo de lucro. Tendo en conta os convenios de colaboración interadministrativos que está a asinar a Deputación de Lugo cos Concellos interesados, estaremos a falar neste caso, dunha xestión directa.

Preténdese, ao igual que os Centros que están en funcionamento, a contratación das seguintes prestacións recollidas no Anexo I do Decreto 149/2013, de 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía personal e a atención ás persoas en situación de dependencia e determinase o sistema de participación das persoas usuarias no seu custe:

C) Area de formación básica e instrumental.

Asistencia ás actividades básicas e instrumentais da vida diaria.

E) Area de Servizos xerais.

Manutención e dietas especiais.

Limpeza e mantemento.

Lavandería/xestión de roupa.

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	55/107





SEGUNDA PARTE. O CENTRO

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	56/107





7. PARTICULARIDADES TÉCNICAS DO CENTRO

O Centro atópase integrado no municipio de CastroVerde próxima a servizos e equipamentos básicos, emprazado na RÚA ALCALDE XETAS.

7.1 DEFINICIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZAS

Trátase dunha unidade Centro de atención a persoas maiores que conta cun Servizo de atención residencial e un Servizo de atención diúrna integrado no mesmo equipamento

SERVIZO DE ATENCIÓN RESIDENCIAL	30 PRAZAS (+2 de enfermería) 27 prazas para persoas con necesidade de apoio doutra persoa (dependentes) 3 para persoas con autonomía
SERVIZO DE ATENCIÓN DIÚRNA	24 PRAZAS

O presente estudo de viabilidade plantéxase para unha ocupación de 30 prazas e 2 habitacións de enfermería, e unha ocupación das 24 prazas do servizo de atención diúrna.

As habitacións de enfermería estímanse como individuais.

Na **unidade residencial** prestaranse as seguintes prestacións:

- Aloxamento: a persoa usuaria disporá dunha habitación e servizo hixiénico individual ou compartida e poderá utilizar as zonas e espazos comúns de convivencia. Permitirase ao residente ter na súa habitación motivos de decoración e utensilios de seu que faciliten a súa adaptación ao centro. Polo contrario, non será admitida a instalación de mobles ou electrodomésticos propios da persoa usuaria.
- Manutención e dietas: esta prestación inclúe almorzo, media mañá, xantar, merenda e cea. Elaborarase un menú basal e dietas especializadas en función das patoloxías das persoas usuarias. Estes menús serán supervisados por persoal médico ou técnico especialista en dietética e/ou nutrición e serán expostos no taboleiro do centro para coñecemento das persoas usuarias. As dietas especializadas dispensaranse sempre previa prescrición dun facultativo.
- Limpeza e mantemento das instalacións.
- Lavandería e xestión da roupa: esta prestación inclúe o lavado, secado e pasado de ferro da roupa dos residentes e da lencería do centro. A persoa usuaria achegará a roupa e calzado de uso persoal debidamente marcada e a repoñerá ao seu cargo. Poderá fixarse un número mínimo de mudas por usuario/a de acordo coas súas características. A lencería correrá a cargo do centro. O lavado da lencería efectuarase coa frecuencia que requiran as necesidades das persoas usuarias.

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	57/107





- Servizos de valoración, seguimento, avaliación. O equipo interdisciplinar do centro elaborará un Plan de Atención Individualizado (PAI) de cada persoa usuaria, no que constará a valoración integral da persoa usuaria, a detección das súas necesidades e potencialidades, o plantexamento de obxectivos concretos, a determinación de programas e actividades para acadar os obxectivos, a execución efectiva de ditas actividades e a avaliación periódica do cumprimento dos obxectivos definidos. Na elaboración do PAI terase como referencia o principio de participación da persoa usuaria e, no seu caso do seu representante legal ou familiar de referencia, así como o principio do complemento mínimo imprescindible, co fin de fomentar a realización do maior número de actividades posible polo usuario/a.
- Apoio nas actividades da vida diaria. Esta prestación comprende a asistencia na realización das actividades básicas e instrumentais que a persoa usuaria non poida realizar por si mesma (alimentación, hixiene persoal, control da medicación...). Respecto á hixiene persoal, os produtos de aseo de uso común (xabóns, colonias, pasta dentífrica, champo, xel...) serán de conta do centro. Serán a cargo das persoas usuarias aqueles produtos de marcas ou tipos específicos preferidos por eles. En canto ao material de incontinencia e demais produtos sanitarios serán subministrados, con carácter xeral, polas persoas usuarias con cargo ao sistema público sanitario. As próteses, órteses, cadeiras de rodas e axudas técnicas de uso persoal serán a cargo das persoas usuarias, sen prexuízo da cobertura que o sistema correspondente preveña en cada caso. O centro coidará de que estes elementos se manteñan en condicións de limpeza, hixiene e normal funcionamento, sendo a cargo dos/as usuarios/as as reparacións ou reposo dos mesmos.
- Atención sanitaria preventiva. A prestación de atención sanitaria preventiva comprende as actuacións de promoción da saúde, dirixidas a adquirir, manter e mellorar uns hábitos de vida saudables. Asemade, comprende o seguimento dos tratamentos médicos prescritos e o control de parámetros vitais en coordinación co Sistema Público de Saúde, así como o control e administración da medicación das persoas usuarias, seguindo a prescrición facultativa.
- Rehabilitación funcional. Esta prestación consiste no desenvolvemento de actividades preventivas e de mantemento da capacidade física e funcional das persoas usuarias ben individuais ou grupais.
- Estimulación cognitiva. Esta prestación consiste na realización polas persoas usuarias, baixo supervisión do persoal competente, de actividades que potencien e melloren a súa autonomía e preveñan o seu deterioro.

Unha unidade de centro de día con capacidade para **24 prazas** atendendo á seguinte disposición normativa:

Artigo 2, punto 3 da Orde do 13 de abril de 2007 pola que se desenrola o Decreto 243/1995 do 28 de xullo sobre a regulación e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención ás persoas maiores indícase o seguinte:

“ (...) Na mesma edificación poderán integrarse un ou mais centros dous anteriormente citados, podendo compartir aquelas instalacións susceptibles de uso común sempre que se respecte a superficie mínima esixida por usuario/a e acredítese a independencia funcional de cada uns dous centros.

(...)”

Segundo esta normativa, o centro de día non constitúe unha unidade ou establecemento distinto e independente dentro do propio edificio. É unha unidade funcional independente dentro da propia instalación que conta con sinalización propia.

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	58/107





No réxime de atención diúrna levaranse a cabo as **seguintes prestacións**:

- Manutención e dietas: esta prestación inclúe almorzo, media mañá, xantar, merenda e cea. Elaborarase un menú basal e dietas especializadas en función das patoloxías das persoas usuarias. Estes menús serán supervisados por persoal médico ou técnico especialista en dietética e/ou nutrición e serán expostos no taboleiro do centro para coñecemento das persoas usuarias. As dietas especializadas dispensaranse sempre previa prescrición dun facultativo.

Os menús serán de coñecemento público antes de rematar o mes e estarán expostos ao público. Estes serán planificados mensualmente e deberán garantir a achega calórica e dietética axeitada. Vixiaranse os aspectos relacionados coa hixiene e manipulación dos alimentos.

Atenderase a que os menús sexan variados, coidando a súa presentación para que sexan atractivos e apetitosos.

Xunto co menú ordinario deberán prepararse outros menús/dietas para as persoas usuarias que os precisen.

As comidas serviranse no comedor, salvo que, por causa de enfermidade das persoas usuarias, haxan de fornecerse na habitación.

Esta prestación será proporcionada a través dunha entidade a tenor da normativa vixente.

- Limpeza e mantemento das instalacións.
- Lavandería de lencería do Centro: Disporase da prestación básica de lavandería e xestión de roupa nos casos de persoas usuarias do Servizo de Atención Residencial, e lavandería da lencería do centro, no caso do Servizo de Atención Diúrna. O lavado da lencería do Centro, efectuarase coa frecuencia que requiran as necesidades das persoas usuarias garantindo unhas óptimas condicións de hixiene.

Esta prestación será proporcionada a través dunha entidade a tenor da normativa vixente.

- Servizos de valoración, seguimento, avaliación. O equipo interdisciplinar do centro elaborará un Plan de Atención Individualizado (PAI) de cada persoa usuaria, no que constará a valoración integral da persoa usuaria, a detección das súas necesidades e potencialidades, o plantexamento de obxectivos concretos, a determinación de programas e actividades para acadar os obxectivos, a execución efectiva de ditas actividades e a avaliación periódica do cumprimento dos obxectivos definidos. Na elaboración do PAI terase como referencia o principio de participación da persoa usuaria e, no seu caso do seu representante legal ou familiar de referencia, así como o principio do complemento mínimo imprescindible, co fin de fomentar a realización do maior número de actividades posible polo usuario/a.
- Apoio nas actividades da vida diaria. Esta prestación comprende a asistencia na realización das actividades básicas e instrumentais que a persoa usuaria non poida realizar por si mesma (alimentación, hixiene persoal, control da medicación...). Respecto á hixiene persoal, os produtos de aseo de uso común (xabóns, colonias, pasta dentífrica, champo, xel...) serán de conta do centro. Serán a cargo das persoas usuarias aqueles produtos de marcas ou tipos específicos preferidos por eles. En canto ao material de incontinencia e demais produtos sanitarios serán subministrados, con carácter xeral, polas persoas usuarias con cargo ao sistema público sanitario. As próteses, órteses, cadeiras de rodas e axudas técnicas de uso persoal serán a cargo das persoas usuarias, sen prexuízo da cobertura que o sistema correspondente preveña en cada caso. O centro coidará de que estes elementos se manteñan en condicións de limpeza, hixiene e normal funcionamento, sendo a cargo dos/as usuarios/as as reparacións ou reposo dos mesmos.

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	59/107





- Atención sanitaria preventiva. A prestación de atención sanitaria preventiva comprende as actuacións de promoción da saúde, dirixidas a adquirir, manter e mellorar uns hábitos de vida saudables. Asemade, comprende o seguimento dos tratamentos médicos prescritos e o control de parámetros vitais en coordinación co Sistema Público de Saúde, así como o control e administración da medicación das persoas usuarias, seguindo a prescripción facultativa.
- Rehabilitación funcional. Esta prestación será prestado a través dunha entidade a tenor da normativa vixente consiste no desenvolvemento de actividades preventivas e de mantemento da capacidade física e funcional das persoas usuarias ben individuais ou grupais.
- Estimulación cognitiva. Esta prestación será prestado a través dunha entidade a tenor da normativa vixente consiste na realización polas persoas usuarias, baixo supervisión do persoal competente, de actividades que potencien e melloren a súa autonomía e preveñan o seu deterioro.

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	60/107





8. RÉXIME DE UTILIZACIÓN DO CENTRO

8.1. PERSOAS USUARIAS

Poderán ser beneficiarios, aquelas persoas que cumpran os requisitos que se esixirán na correspondente **Ordenanza de acceso que se aprobe a tal efecto**.

8.2. PERÍODO DE ADAPTACIÓN

Ten como finalidade comprobar se os beneficiarios reúnen condicións físicas e psíquicas indispensables para ingresar no centro, as súas posibilidades de adaptación ao mesmo e a veracidade dos datos achegados no expediente, tidos en conta para a resolución.

O período de adaptación establecerase segundo se recolla na correspondente Ordenanza de acceso, que se aprobe a tal efecto e veña regulado polo Regulamento de Réxime Interno.

8.3. RÉXIME DE REGULAMENTO INTERNO

O Centro estará baixo o establecido no Réxime de Regulamento Interno que se aprobará a tal efecto polo Concello de Castroverde.

8.4. PROCEDEMENTO DE ABONO DAS PRAZAS

O procedemento de abono das prazas estará supeditado ao disposto nas correspondentes Ordenanzas que serán aprobadas polo Concello de Castroverde.

8.5. RÉXIME DE SEGUIMIENTO E CONTROL DO CENTRO

Estarase ao disposto no que se recolla no futuro Convenio Marco e Específico, que será asinado entre a Deputación de Lugo e o Concello de Castroverde, así como aos protocolos de funcionamento do Centro que se implanten no mesmo co fin de dar cumprimento a normativa autonómica, aos criterios do Servizo de Inspección.

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	61/107





TERCEIRA PARTE. MODELO DE XESTIÓN

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4		Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica				
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ				
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4		Página	62/107	



9. A XESTIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS. INTRODUCCIÓN E CUESTIÓNS PREVIAS

Tendo en conta o recollido na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, artigo 47, establece que os convenios son acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións públicas, organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes, ou as Universidades entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os Convenios que se subscribirán entre outros, poderán ser do tipo de Convenios interadministrativos asinados entre dúas ou máis Administracións Públicas e que poderán incluír a utilización de medios, servizos e recursos doutra Administración Pública, organismo público ou entidade de dereito público vinculado ou dependente, para o exercicio de competencias propias ou delegadas.

O Convenio Marco deixa claro o modelo de xestión elixido, plantexado unha clara declaración de intencións sobre O COMO se organizará a xestión do centro, deixando prevalencia da xestión PÚBLICA.

Neste punto lembrar, que o artigo 57.3 da LBRL da prevalencia á subscrición de convenios, como medios de cooperación, respecto doutras formas cooperativas como a constitución de consorcios; baseado na idea de evitar a creación de estruturas organizativas, cando non sexan necesarias e previa acreditación e que os fins perseguidos non se acadan vía convenio e que a figura consorcial é máis eficiente na asignación de recursos económicos. Ase mesmo, a Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de **colaboración público-público** da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico-administrativo a tomar como referencia, que ten fundamento no dereito comunitario (artigo 12.4 da Directiva 2014/24 UE do Parlamento Europeo e do Consello. Así, o artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

No convenio específico que se formalizará pola Deputación de Lugo e o Concello de Castrovirde, recolleranse os servizos que se prestarán directamente polas Administracións intervinientes e as prestacións que non se poden prestar directamente por estas (dadas as limitacións para a contratación de persoal establecidas pola normativa orzamentaria) e deberanse cubrir mediante contratación, previa a oportuna licitación e adxudicación correspondente de conformidade coa normativa sectorial en materia de servizos sociais e co previsto no artigo 30.3 da Lei de contratos de Sector Público, onde se establece que a prestación de servizos realizárase normalmente pola propia Administración polos seus propios medios. Con todo, cando careza de medios suficientes, previa a debida xustificación no expediente, poderase contratar de conformidade co establecido no Capítulo V do Título II do Libro II da citada Lei de Contratos.

Cando se trata de substituír a realización de actividades con persoal e recursos propios, pola prestación contratada cun provedor externo, a normativa de contratación prevé diferentes modalidades que detallaremos na cuestión sobre as modalidades de xestión. Cada actividade está dotada dunhas características específicas e cuns condicionantes, que tanto a Lei española de contratación en vigor, como a normativa comunitaria dirixen e enfocan cara a unha forma de contratación determinada que a administración contratante debe respectar.

A Lei de servizos sociais de Galicia establece no seu artigo 29 as formas de prestación dos servizos sociais: os cales serán prestados polas administracións públicas galegas a través das seguintes fórmulas: a) a xestión directa, b) a xestión indirecta no marco da normativa reguladora dos contratos do sector público, c) mediante o réxime de concerto social

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	63/107





previsto na presente lei, d) mediante convenios con entidades sen ánimo de lucro. Tendo en conta os convenios de colaboración interadministrativos que se pretenden establecer, estaremos a falar neste caso dunha xestión directa.

As persoas físicas e xurídicas privadas, de iniciativa social ou de carácter mercantil, poderán actuar como entidades prestadoras de servizos sociais e, en consecuencia, crear centros de servizos sociais, así como xestionar programas e prestacións desta natureza, de conformidade co establecido no título II da prestación dos servizos sociais. Por razóns de saúde pública directamente vinculadas coa garantía da adecuada atención e protección dos usuarios dos servizos sociais, sempre que inclúan prestacións ligadas á saúde de acordo coas respectivas normativas sectoriais que os regulan, a prestación dos servizos para persoas maiores ou con dependencia, está suxeita con carácter previo ao comezo da actividade, á correspondente autorización ditada polo órgano con atribucións en materia de autorización e inspección da Conserxería da la Xunta de Galicia con competencia en materia de servizos sociais, nos termos previstos na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento.

Por tanto, este plan de viabilidade detalla un sistema de xestión directa (público-público).

9.1. DEFINICIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS E CONSIDERACIÓNS

Hai que conceptualo como aquel contrato oneroso, celebrado por escrito entre un ou varios operadores económicos e un ou varios poderes adjudicadores, cuxo obxecto sexa a prestación de servizos distintos á execución de obras.

Cando non se transfire o risco operacional ao contratista non se está diante dunha concesión, senón dun contrato de servizos. A inexistencia de transmisión ao prestador do risco relacionado coa prestación dos servizos indica que a operación en cuestión constitúe un contrato público de servizos e non unha concesión de servizos .

O artigo 17 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, define o Contrato de servizos como:

“(…)

Son contratos de servizos aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración, incluíndo aqueles en que o adxudicatario se obrigue a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario. Non poderán ser obxecto destes contratos os servizos que impliquen exercicio da autoridade inherente aos poderes públicos.

(…)”.

Isto permite incluír prestacións que teñan por destinatario tanto á Administración, como á cidadanía (servizos públicos ou non), pero sen que haxa transferencia do risco operacional.

Polo tanto, calquera contrato que a Deputación de Lugo pretenda formalizar para a xestión da Residencia encaixaría na modalidade de contrato de servizos sempre e cando non se transfira ningún tipo de risco operacional ao contratista.

A actividade de servizo público, para ser exercida como tal, require unha decisión do poder público, que aplique a noción de interese público a esa concreta actividade. No caso dos servizos públicos locais, a Entidade Local, mediante acordo formal adoptado polo seu órgano plenario, asumirá como propia a actividade, establecerá o réxime xurídico da actividade, implantando o servizo. Esta declaración formal precederá á elección da forma de xestión, aínda que, como veremos máis adiante, poden articularse ambas, nun procedemento conxunto e adoptarse na mesma sesión.

En todo caso, e dende un punto de vista económico, é importante resaltar que as modalidades de xestión indirecta, deben enmarcarse dentro do que os economistas denominan relación de axencia. É dicir, que o ente público, ao que denominamos principal, delega noutro, denominado axente, a realización dunha actividade, a cambio dunha remuneración e de certa capacidade autónoma de decisión. Os problemas da relación de axencia xorden cando existe un

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	64/107





conflicto de intereses entre os obxectivos do principal e o axente. Sería o caso en que a maximización do beneficio que pretende a empresa privada, e a maximización do benestar social perseguida pola administración pública non coincidan inicialmente.

Así, o mero feito de lograr que os/as habitantes de concellos pequenos accedan a determinado tipo de servizos xa é un argumento de peso que xustifica a cooperación de administracións locais na prestación do servizo. O argumento que xustificaría a maior eficiencia sería o aproveitamento de economías de escala, argumento este, nada desprezable.

No caso que nos ocupa, apostase por unha externalización estratéxica de especialidade, co fin de aproveitar a capacitación técnica e profesional dos operadores actuais do mercado. En consecuencia, teríamos que deseñar a relación contractual adecuado a unha externalización especializada ou cooperativa, moi diferente ao que deberíamos deseñar se buscásemos unha relación contractual competitiva., **polo tanto o Prego de Condicións será clave para un correcto desenvolvemento futuro do servizo.** No mesmo, incluírase un claro mecanismo de control asociado ao servizo que se pretende contratar. Non se entende un Prego de Condicións que non determine con claridade que a negligencia e a non calidade non será rendible para o contratista.

Será, polo tanto, un punto de vista estratéxico que se reflectirá nos Convenio Marco e no Convenio Específico, reservando para a xestión directa a través de medios propios as seguintes funcións:

- A Dirección e xestión do centro.
- Cobro dos prezos públicos ás persoas usuarias.
- Os servizos de soporte: xestión administrativa, xestión económica, xestión de recursos humanos etc.
- Os servizos de atención directa de alta cualificación (ATS/Due, terapeuta ocupacional, fisioterapeuta etc. Tendo en conta que o servizo médico virá cuberto polo servizo público de saúde (SERGAS).
- Os subministros de gas oíl, gas, electricidade ou calquera outro.
- Os subministros de telefonía, Internet etc.
- O subministro de material de oficina, e equipamento ofimático do centro .
- Os mantementos preventivos e correctivos de toda a instalación (excepto os de derivados de uso da cociña). Incluído o establecemento de contratos de mantemento preventivo das instalación (caldeira, lexionelas, etc.)
- O mantemento das áreas axardinadas que deberá ser responsabilidade do Concello da Castroverde.
- O pago dos impostos que se consideren necesarios.
- Calquera outra que se reflecta con amentados convenios Marco e Específico.

Para todas estas funcións establecerase nos puntos seguintes do presente Estudo de Viabilidade económico financeira o seu custo, tendo en conta os custos de persoal facilitados pola propia Deputación Provincial para os de dependencia directa de eles.

Considéranse como funcións **xenericamente externalizables** as prestacións necesarias para dar cobertura ás prestacións dos servizos de atención residencial e servizo de atención diúrna que non poden ser cubertas directamente polas Administracións intervenientes, dadas as limitacións para a contratación de persoal establecidas pola normativa orzamentaria, pero que son estritamente necesarias e así recollidas na normativa autonómica, Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia, como prestacións básicas para os citados servizos

En liñas xerais, esta é a estratexia de xestión recollida no Convenio Marco e posteriormente no Específico que se asinarán entre Deputación e o Concello de Castroverde.

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	65/107





A Deputación Provincial de Lugo e o Concello da Castroverde optarán como modelo de xestión para a Residencia o da **xestión directa con persoal propio na dirección, actividade sanitaria, mantemento e subministros, mentres que se decanta pola selección dun operador privado a través dun contrato de servizos ao amparo do artigo 17 da Lei 9/2017 do 8 de novembro de Contratos do Sector Público, para unhas prestacións concretas. En ningún caso se plantexa que a natureza sexa a de xestión indirecta baixo a modalidade de concesión.**

O Concello de Castroverde xunto coa Deputación Provincial de Lugo optarán por que a Residencia teña a cualificación de mixto e polo tanto sexa destinado tanto ás persoas usuarias con autonomía para o desenvolvemento de actividades básicas e instrumentais da vida diaria, coma para persoas con dificultade para o desempeño das mesmas. Por tanto, o estudo económico financeiro e de viabilidade, así como as necesidades de persoal, ingresos previstos etc., obteranse a partir dos parámetros de xestión (% de ocupación, residentes con autonomía previstos/as, estimación de uso de horario de centro de día etc.) que se definirán na parte cuarta deste Estudo.

Por suposto, o proceso de analizar en detalle tódolos factores técnicos, xurídicos e económicos que determinan a opción de xestión dun centro destas características, non é fácil. Tampouco o é atopar unha solución para cada unha destas tarefas. Con todo, non é imposible a condición de que non se perda nunca a liña do horizonte que marca o obxectivo dunha atención de calidade.

Un tema crítico no deseño e execución dos servizos públicos, independentemente da forma de xestión elixida, é o valor que achegan. É fácil de comprender, que á hora de ofrecer algo, é moi importante considerar o que pode supoñer para o seu usuario/a ou consumidor/a, de modo que podamos atopar un prezo/custo que sexa minimamente adecuado e rendible. Este principio facilita a toma de decisións á hora de deseñar un servizo, permite definir con certa antelación o que se debe investir, e, cunha idea do beneficio esperado, podemos saber canto podemos gastar en crealo sen arruinarnos. No caso dun servizo público, afortunadamente, isto non é así. Nin os servizos créanse pola súa rendibilidade, nin o prezo de adquisición (en caso de existir), depende unicamente do custo.

Os ingresos que equilibrarán os custos dos servizos, virán dados, por unha banda, polas persoas usuarias dos servizos de forma directa e, por outra, pola propia Deputación e o Concello de Castroverde, segundo se recolla no correspondente Convenio Específico a asinar.

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	66/107





CUARTA PARTE. VIABILIDADE ECONÓMICA- FINANCIEIRA

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	67/107





10. VIABILIDADE ECONÓMICA- FINANCIERA

Comezamos nesta parte cuarta do traballo a analizar todos os aspectos que determinarán a viabilidade económico – financeira do centro de atención a persoas maiores de Castrovverde.

Para a fundamentación neste apartado temos en conta as referencias normativas reguladas na Orde do 18 de abril de 1996, pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores. Así como o Protocolo da inspección de servizos sociais sobre os centros de maiores, discapacidade e dependencia da Comunidade Autónoma de Galicia na versión 0.2 do 26/11/2012 adaptado ao Decreto 254/2001, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos Servizos Sociais en Galicia.14 do 20 de xaneiro) detalla uns requirimentos mínimos para cada unha das categorías profesionais. Devanditos requisitos condénsanse na seguinte táboa onde se poden calcular as necesidades de cada tipo de categoría para unha Miniresidencia de 13 a 59 prazas.

Medimos coa ratio de persoal de atención directa ao número de traballadores/as xerontólogos/as as e persoal sanitario que atenden aos e ás residentes en calquera actividade da vida diaria durante tódalas quendas. Así mesmo, o persoal de atención directa presta apoio persoal na aplicación dos servizos e programas que oferta o Centro, participando, ademais, na realización de actividades, na programación, así como na avaliación dos resultados obtidos. Entre eles podemos atopar ATS/DUE, auxiliar de clínica, xerocultor/a, fisioterapeuta, terapeuta ocupacional, educador/a social, traballador/a social, psicólogo/a, psiquiatra, técnico/a de integración social.

O proxecto de xestión, establecece para unha ocupación de:

- Servizo de atención residencial: **30 prazas (+ 2 de enfermería) de carácter mixto. Estimaremos unha utilización de 27 prazas destinadas para persoas que presentan dependencia nas actividades da vida diaria, e 3 persoas con autonomía, procurando, en función da necesidade deste recurso, unha ocupación do 100%.**
- Servizo de atención diúrna: **24 prazas.**

Definido o anterior propoñeremos a estrutura dos custos separándoos en dous grandes grupos:

1. Por unha banda, os **custos derivados da xestión directa con medios propios** da Deputación ou Concello de Castrovverde.
2. **Doutra banda, os custos derivados dos servizos contratados a unha mercantil a través dun contrato de servizos. Consideraremos neste grupo, como non pode ser doutro xeito, un teórico beneficio industrial para a mercantil elixida, que estimaremos no 2% de BDI (beneficio despois de impostos).** Os custos deste apartado máis o BDI proposto para a globalidade do contrato no seu conxunto definirá o correspondente tipo de licitación do concurso público polo que se elixirá a mercantil prestadora de ditos servizos. Convén sinalar neste apartado que todo concurso público cuxos custos estiveran ben definidos, leva consigo una baixa na oferta do licitador respecto do tipo de licitación. Este aforro de custos respecto do previsto, non foi tido en conta no estudo de viabilidade do centro.

Da agrupación dos dous grupos de custos obteremos o custo global do servizo de xestión do centro de atención ás persoas maiores de Castrovverde.

Unha vez obtidos os custos totais do servizo procederemos a definir a estrutura das vendas. As tarifas para as que se terá que determinar un importe serán as seguintes, susceptibles de modificación por parte da Deputación Provincial:

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	68/107





- Tarifa mensual para persoa usuaria no servizo de atención residencial para persoas con necesidades de apoio de terceira persoa.
- Tarifa mensual para persoas usuarias no servizo residencial para persoas con autonomía.

As tarifas ou prezos públicos propostos no presente estudo, serán aquelas que alcancen o equilibrio orzamentario (ou déficit asumible pola Deputación ou Concello de Castrovirde) entre ingresos e gastos, acordes ao mercado dos centros públicos de atención ás persoas maiores e que poderán ser modificadas pola Deputación se o considera convinte.

Como finalización a este apartado achegarase unha memoria económica e as táboas necesarias para reflectir con claridade a obtención dos resultados.

A xestión do servizo público organizarase con unidade e independencia funcional. Para ese efecto resultan establecidos, os medios, instalacións e infraestrutura necesaria para o cumprimento de toda esixencia legal.

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	69/107





11. REQUISITOS DE PERSOAL DE ATENCIÓN DIRECTA GLOBAL

Para a fundamentación neste apartado temos en conta as referencias normativas reguladas na Orde do 18 de abril de 1996, pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores. Así como o Protocolo da inspección de servizos sociais sobre os centros de maiores, discapacidade e dependencia da Comunidade Autónoma de Galicia na versión 0.2 do 26/11/2012 adaptado ao Decreto 254/2001, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos Servizos Sociais en Galicia.14 do 20 de xaneiro) detalla uns requirimentos mínimos para cada unha das categorías profesionais. Devanditos requisitos condénsanse na seguinte táboa onde se poden calcular as necesidades de cada tipo de categoría para unha Miniresidencia de 13 a 59 prazas.

Medimos coa ratio de persoal de atención directa ao número de traballadores/as xerontólogos/as as e persoal sanitario que atenden aos e ás residentes en calquera actividade da vida diaria durante tódalas quendas. Así mesmo, o persoal de atención directa presta apoio persoal na aplicación dos servizos e programas que oferta o Centro, participando, ademais, na realización de actividades, na programación, así como na avaliación dos resultados obtidos. Entre eles podemos atopar ao/á médico/a, ATS/DUE, auxiliar de clínica, xerocultor/a, fisioterapeuta, técnico/a en animación sociocultural, terapeuta ocupacional, educador/a social, traballador/a social, psicólogo/a, psicopedagogo/a, psicomotricista, logopeda, psiquiatra, técnico/a de integración social.

Segundo as esixencias de persoal directo da normativa anterior e tendo en conta as características de utilización definidas para o centro:

Unidade Residencial base:

- 27 residentes dependentes
- 3 residentes válidos/as.

Unidade de atención diúrna base:

- 24 usuarios/as.

Dos datos e requirimentos anteriores obtemos que para a atención residencial necesitaríamos:

TIPOLOXÍA	NÚMERO PRAZAS	RATIO PERSOAL DE ATENCIÓN DIRECTA	NECESIDADE PERSOAL DE ATENCIÓN DIRECTA
DEPENDENTES	27	0,35	9,45
AUTÓNOMAS	3	0,2	0,6
		TOTAL	10,05

Ilustración 40. Previsión prazas Estudio de Viabilidad e ratio de atención directa.

Dos datos e requirimentos anteriores obtemos que para a **atención residencial** necesitaríamos 10,05 postos de traballo en atención directa, $(27 \times 0,35) + (3 \times 0,2) = 10,05$ de atención directa a xornada completa.

É importante o concepto posto de traballo, que quere dicir que os equipos de persoal dos centros deben trasladarse ao concepto de plantilla equivalente, é dicir, deben terse en conta as vacacións, libranzas, IT, absentismo etc., á hora do establecemento dos custos de persoal.

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	70/107





A estrutura de persoal proposta, tendo en conta a carga semanal que se estima necesaria como máximo para o Centro de atención ás persoas maiores de Castrovirde será a seguinte:

CATEGORÍA PROFESIONAL	Nº HORAS SEMANAIS NECESARIAS	POSTOS DE TRABAJO
Responsable Centro	18,75	0,50
Administración	37,5 (inclúe recepción)	1
Enfermeiro/a. DUE	12,37	0,33
Fisioterapeuta	12,37	0,33
Psicólogo/a	18,75	0,50
Terapeuta ocupacional	12,37	0,33
Traballador/a Social	12,37	0,33
Xerocultor/a. Aux. Enfermería. RES.	329,2	8,23
Xerocultor/a. Aux. Enfermería. C. DIA	144	3,60
Limpeza/Lavandería/Pasado de ferro	200	5
Cociña	64	1,60
Auxiliar de cociña	64	1,60
Mantemento. Oficios varios	3,75	0,10
Aparellador/a. Coord./mantemento	3,75	0,10

Ilustración 41. Nº de horas semanais requiridas e postos de traballo para o CAM de Castrovirde

A estrutura de persoal proposta tendo en conta a carga semanal que se estima necesaria para o Centro de Atención, tendo en conta que o equipo técnico da Deputación ten unha xornada completa semanal de **37,5h**, e a **xornada completa do resto equipo de atención directa (xerocultores/as, auxiliares de clínica...), persoal de limpeza e persoal de cociña, terán unha xornada completa de 40 h/semana.**

% XORNADA	CATEGORÍA	GRUPO PROFESIONAL
50%	Responsable do Centro	Categoría A1-A2. Deputación
100%	Oficial administrativo/a /Recepcionista	Categoría C1. Deputación
	Médico/a	SERGAS

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	71/107





% XORNADA	CATEGORÍA	GRUPO PROFESIONAL
33%	Enfermeiro/a DUE	Categoría A2. Deputación
33%	Traballador/a social	Categoría A2. Deputación
33%	Terapeuta ocupacional	Categoría A2. Deputación
50%	Psicólogo/a	Categoría A1. Deputación
33%	Fisioterapeuta	Categoría A2. Deputación
100%	Xerocultor/a con funcións de gobernante/a	Grupo C. IV Convenio colectivo de residencias privadas da terceira idade de Galicia
723%	Xerocultor/a	Grupo D. IV Convenio colectivo de residencias privadas da terceira idade de Galicia
360%	Xerocultor/a Centro Día	Grupo D. IV Convenio colectivo de residencias privadas da terceira idade de Galicia
160%	Cociñeiro/a	Grupo D. IV Convenio colectivo de residencias privadas da terceira idade de Galicia
160%	Auxiliar Cociña	Grupo E. IV Convenio colectivo de residencias privadas da terceira idade de Galicia
500%	Limp./Lav./Ferro	Grupo E. IV Convenio colectivo de residencias privadas da terceira idade de Galicia
10%	Aux. Mantem/Xardíns	Categoría C2. Deputación
10%	Aparellador	Categoría A2. Deputación

Ilustración 42. Categoría e grupo profesional previsto para o CAM de Castrovirde.

O anterior supón unha estrutura de persoal de atención directa xerontolóxica que deberá xestionar a adxudicataria para o efecto de **8,23** ratio de persoal de atención directa. O persoal de atención directa restante ata os **10,05** esixidos pola normativa (sendo esta ratio de **1,82**) formarán parte do persoal asignado pola Deputación Provincial).

No tocante a atención directa no centro de atención diúrna, calcularase segundo o indicado no táboa, computando un 360% de xornada laboral, correspondendo a 144 horas de prestación á semana.

Sinalar como relevante o seguinte:

- Considérase necesaria que un/unha dos/as profesionais do equipo interdisciplinario teña as funcións de persoa responsable do centro, sendo este traballador/a preferentemente o/a psicólogo/a. O/A psicólogo/a

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	72/107





ou o técnico designado, estará contratado/a a xornada completa adicando o 50% da súa xornada laboral a funcións de persoa responsable do centro.

- Considérase necesaria a presenza dun/a ATS/DUE a un terzo de xornada, a maiores da utilización do sistema público de saúde (SERGAS)
- Considérase necesaria a figura dun administrativo/a (auxiliar administrativo/a) a xornada completa no centro que fará os labores de atención ao público e recepción.
- Aglutinar en canto a carga horaria, o persoal de mantemento interior do centro e o exterior.

Os convenios de aplicación para o persoas serán os seguintes:

- Para o persoal externalizado: Convenio colectivo de residencias privadas da terceira idade de Galicia. RESOLUCIÓN do 13 de marzo de 2018, da Secretaría Xeral de Emprego, polo que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación no Diario Oficial de Galicia do IV Convenio colectivo de residencias privadas da terceira idade de Galicia.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180411/AnuncioG0424-160318-0003_es.html

- Para o persoal funcionario: convenio colectivo de persoal da Deputación Provincial de Lugo: Acordo Marco Único (BOP 31-01-91), Convenio Colectivo Único (BOP 30-08-90), Acordo de Condicións de Traballo (BOP 14-06-95) vixentes, conformando un so Acordo de Condicións de Traballo do persoal funcionario e laboral desta Diputación Provincial e INLUDES, e as seguintes modificacións:

Regulamento de Acceso, Carreira e Provisión do Posto. BOP Nº226, do 30 de setembro de 2006, polo que se modifica o AMU.

Modificación de determinados artigos do acordo marco único regulador das condicións de traballo do persoal funcionario (AMU) e do convenio colectivo único do persoal laboral (ccu) da deputación, como consecuencia dos acordos da mesa xeral común de negociación, de 25 de outubro de 2012. BOP Nº 068. Data: 22 de marzo de 2013.

http://www.deputacionlugo.gal/sites/deputacionlugo.org/files/Documentos/0_7872_1.pdf#PAGE=1

No anterior, estarase ao disposto de aquelas modificacións que afecten de xeito directo ao persoal da Deputación de Lugo.

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	73/107





12. RESUMO DE CUSTES DAS PRESTACIÓNS EXTERNALIZADAS DOS SERVIZOS DE ATENCIÓN RESIDENCIAL (MINIRESIDENCIA) E CENTRO DE DÍA.

As prestacións que se levarán a cabo a través dun operador especializado, serán, como xa se indicou nos puntos anteriores as seguintes:

C) Area de formación básica e instrumental.

Asistencia ás actividades básicas e instrumentais da vida diaria.

E) Area de Servizos xerais.

Manutención e dietas especiais.

Limpeza e mantemento.

Lavandería/xestión de roupa.

Polo tanto, imos establecer de seguido, o custo das mesmas e como consecuencia o canon anual que a Deputación Provincial de Lugo deberá propoñer **como tipo de licitación** no concurso aberto con multiplicitade de criterios de adxudicación que servirá de base para a adxudicación do devandito servizo.

Volvemos lembrar que se establecerá un custo certo do servizo externalizado, considerando un BDI (en diante, Beneficio despois de Impostos) para o adxudicatario do **2%** na globalidade dos catro anos de contrato, e que se trata do tipo de licitación a partir do cal os licitadores interesados poderán presentar as súas propostas á baixa. Esta posible baixa non foi en ningún momento tida en conta.

12.1. CUSTES DE PERSOAL DO SERVIZO EXTERNALIZADO

Considerando o persoal necesario, e os custos unitarios de persoal, estableceremos o custo total anual para o primeiro ano de contrato, coas seguintes premisas:

- Contémplase un incremento no gasto de persoal do 1,5 % atribuído ao PIB.
- Contémplase a substitución ao 100% das vacacións de todo o persoal a efectos de cálculo do persoal equivalente necesario.
- Calcúlase a substitución dun absentismo do 3% a efectos do cálculo do persoal equivalente

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	74/107





CUSTOS	Categoría	GOBERNANTA	XEROCULTOR/A	COCIÑEIRO/A	AUX. COCIÑEIRO/A	LIMP./LAV./PLANCHA
ANO	2020					
	Salario Bruto					
	Salario Base	1.011,29 €	1.011,29 €	993,79 €	927,73 €	927,73 €
	Domingos	8,91 €	8,91 €	8,91 €	8,91 €	8,91 €
	Festivos	34,70 €	34,70 €	34,70 €	34,70 €	34,70 €
	Pagas extras	937,23 €	937,23 €	919,23 €	853,67 €	853,67 €
	Total Ano					
	Salario Base	12.135,48 €	12.135,48 €	11.925,48 €	11.132,76 €	11.132,76 €
	Domingos	231,66 €	231,66 €	231,66 €	231,66 €	231,66 €
	Festivos	208,20 €	208,20 €	208,20 €	208,20 €	208,20 €
	Pagas extras	1.874,46 €	1.874,46 €	1.838,46 €	1.707,34 €	1.707,34 €
	TOTAL	14.449,80 €	14.449,80 €	14.203,80 €	13.279,96 €	13.279,96 €
	Seguridade Social					
	23,60 % Réxime xeral	3.410,15 €	3.410,15 €	3.352,10 €	3.134,07 €	3.134,07 €
	5,50 % Desemprego	794,74 €	794,74 €	781,21 €	730,40 €	730,40 €
	0,60 % F.P.	86,70 €	86,70 €	85,22 €	79,68 €	79,68 €
	0,20 % Fondo de garantía	28,90 €	28,90 €	28,41 €	26,56 €	26,56 €
	1,00 % Accidentes de traballo	144,50 €	144,50 €	142,04 €	132,80 €	132,80 €
	Custe Total	18.914,79 €	18.914,79 €	18.592,78 €	17.383,47 €	17.383,47 €
	Custe xornada (224)	84,44 €	84,44 €	83,00 €	77,60 €	77,60 €

Nota: Domingos 26, festivos 12

Ilustración 43. Custos persoal externo: categoría profesional, salario mensual, salario anual, custes seguridade social. 2020.



Na ilustración anterior, expoñíense os gastos de personal segundo o Convenio indicado no mesmo, con indicación de:

- Salario base.
- Custe de horas realizadas en domingo.
- Custe de horas realizadas en festivo.
- Pagas extras.
- Seguridade social.

Especificamente, de xeito anual, o custe no derradeiro concepto será:

% Xornada	Categoría	Horas/semana	Custe Salarios	
100 %	XEROCULTORA CON FUNC.GOBERNANTE	40,00	14.449,80 €	
723 %	XEROCULTOR/A	289,20	104.472,05 €	
160 %	COCIÑEIRO/A	64,00	22.726,08 €	
160 %	AUX. COCIÑEIRO/A	64,00	21.247,94 €	
360 %	XEROCULTOR/A CENTRO DÍA	144,00	52.019,28 €	
500 %	LIMP./LAV./PLANCHA	200,00	66.399,80 €	Seguridade Social
2003 %		801,20	281.314,95 €	86.926,36 €

Ilustración 44. Custos persoal externo, indicación de custes anual en concepto de seguridade social. 2020,

%	Custe Persoal	368.241,31 €
10,81 %	Vacacións	39.806,89 €
3,00 %	Absentismo	11.047,24 €
	Total vacacións absentismo	50.854,13 €
	TOTAL CUSTE PERSOAL 2020	419.095,44 €

Ilustración 45. Custos persoal externo total ano 2020.

O custo de persoal anual, tendo en conta o gasto correspondente a seguridade social, estimado para a xestión dos servizos externalizados na Residencia para persoas maiores O Castro, ascende a: **419.095,44 o primeiro ano de contrato.**

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	76/107



**12.2 RESUMO DE CUSTES EXTERNOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DAS PRESTACIÓNS.**

Reflictiranse os seguintes custes:

DETALLE DO GASTO CASTROVERDE	ANO 1
COMPRAS	107.030,80 €
Alimentación (ordinaria e datas especiais)	69.786,40 €
Compra de menaxe e cociña e conservación (menaxe, utensilios preparación alimentos, baterías de cociña, picadoras, batidoras...)	7.300,00 €
Textil vencellado co desenvolvemento da actividade e roupa de cama e baño	3.032,40 €
Compra de material de animación (actividades ocio e tempo libre)	2.980,00 €
Material de limpeza	11.502,00 €
Compra doutros aprovisionamentos sanitarios(luvas, gasas, xabón...)	3.200,00 €
Compra de medios materiais (móbil, pc, impresora) e mantemento de equipo	4.350,00 €
Material de oficina	2.930,00 €
Outros	1.950,00 €

SERVIZOS EXTERNOS	465.120,71 €
Reparacións e Conservación	12.135,07 €
Mantemento Instalacións	5.005,47 €
Limpezas específicas extraordinarias (cristais)	3.100,00 €
Contrato de análise microbiolóxica, lexionela	4.029,60 €
Primas de seguros	3.066,00 €
Responsabilidade Civil	1.752,00 €
Seguro de Accidentes Colectivos	438,00 €
Seguro de Convenio Colectivo	876,00 €
Subministracións	2.827,20 €
Subministracións de produtos químicos	1.051,20 €
Material funxible. Utensilios e consumibles	1.776,00 €

Ilustración 46. Custos externos total ano 2020.

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	77/107





Gastos de Persoal	419.095,44 €
Soldos e salarios	281.314,95 €
Seguridade social a cargo da empresa	86.926,36 €
Outros gastos de persoal (vacacions e absentismo)	50.854,13 €
Antigüidade	0,00 €
Outros gastos vencellados ao persoal	16.350,00 €
Gastos responsable contrato	11.400,00 €
Uniformes e tarxetas identificativas persoal (e adecuación durante o contrato)	3.850,00 €
Outros gastos	1.100,00 €
Gastos xerais	11.647,00 €
TOTAL GASTOS ANO 2020	572.151,51 €

Ilustración 47. Custos externos total ano 2020.

A continuación, tendo en conta a previsión anterior, expónse os custos durante o primeiro ano da posta en marcha da Residencia, tendo en conta:

- Diferenciación de custes Directos.
- Diferenciación de custes Indirectos (Limpezas extraordinarias (cristais); Contratos de microbioloxía, lexionela; seguro de responsabilidade civil e gastos xerais)
- Beneficio industrial: 2%.
- Valor estimado para o primeiro ano: suma de custes directos, custes indirectos, e beneficio industrial.
- IVE: 4%

A continuación expomos os cálculos realizados, estimando a actividade durante 4 anos, engadindolle ao terceiro e cuarto anos, os posibles gastos que corresponderían coa antigüidade do persoal contratado, e reducindo aqueles gastos nas compras de material que podería durar durante o tempo de execución do contrato, tendo en conta a reposición.

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	78/107





COMPRAS	107.030,80 €	98.861,51 €	100.344,43 €	101.849,60 €
Alimentación (ordinaria e datas especiais)	69.786,40 €	70.833,20 €	71.895,69 €	72.974,13 €
Compra de menaxe e cociña e conservación (menaxe, utensilios preparación alimentos, baterías de cociña, picadoras, batidoras...)	7.300,00 €	1.500,00 €	1.522,50 €	1.545,34 €
Textil vencellado co desenvolvemento da actividade e roupa de cama e baño	3.032,40 €	3.077,89 €	3.124,05 €	3.170,92 €
Compra de material de animación (actividades ocio e tempo libre)	2.980,00 €	3.024,70 €	3.070,07 €	3.116,12 €
Material de limpeza	11.502,00 €	11.674,53 €	11.849,65 €	12.027,39 €
Compra doutros aprovisionamentos sanitarios (luvas, gasas, xabón...)	3.200,00 €	3.248,00 €	3.296,72 €	3.346,17 €
Compra de medios materiais (móbil, pc, impresora) e mantemento de equipo	4.350,00 €	550,00 €	558,25 €	566,62 €
Material de oficina	2.930,00 €	2.973,95 €	3.018,56 €	3.063,84 €
Outros	1.950,00 €	1.979,25 €	2.008,94 €	2.039,07 €
SERVIZOS EXTERNOS	465.120,71 €	513.397,67 €	522.578,82 €	530.395,30 €
Reparacións e Conservación	12.135,07 €	12.317,10 €	12.501,85 €	12.689,38 €
Mantemento Instalacións	5.005,47 €	5.080,55 €	5.156,76 €	5.234,11 €
Limpezas específicas extraordinarias (cristais)	3.100,00 €	3.146,50 €	3.193,70 €	3.241,60 €
Contrato de análise microbiolóxica, lexionela	4.029,60 €	4.090,04 €	4.151,39 €	4.213,67 €
Primas de seguros	3.066,00 €	3.111,99 €	3.158,67 €	3.206,05 €
Responsabilidade Civil	1.752,00 €	1.778,28 €	1.804,95 €	1.832,03 €
Seguro de Accidentes Colectivos	438,00 €	444,57 €	451,24 €	458,01 €
Seguro de Convenio Colectivo	876,00 €	889,14 €	902,48 €	916,01 €
Subministracións	2.827,20 €	2.869,61 €	2.912,65 €	2.956,34 €
Subministracións de produtos químicos	1.051,20 €	1.066,97 €	1.082,97 €	1.099,22 €
Material funxible. Utensilios e consumibles	1.776,00 €	1.802,64 €	1.829,68 €	1.857,12 €
Gastos de Persoal	419.095,44 €			
Soldos e salarios	281.314,95 €	285.534,67 €	289.817,69 €	294.164,96 €
Seguridade social a cargo da empresa	86.926,36 €	88.230,26 €	89.553,71 €	90.897,02 €
Outros gastos de persoal (vacacións e absentismo)	50.854,13 €	51.616,94 €	52.391,20 €	53.177,06 €
Antigüidade	0,00 €	0,00 €	1.480,18 €	1.480,18 €
Outros gastos vencellados ao persoal	16.350,00 €	13.887,50 €	14.095,81 €	14.307,25 €
Gastos responsable contrato	11.400,00 €	11.571,00 €	11.744,57 €	11.920,73 €
Uniformes e tarxetas identificativas persoal (e adecuación durante o contrato)	3.850,00 €	1.200,00 €	1.218,00 €	1.236,27 €
Outros gastos	1.100,00 €	1.116,50 €	1.133,25 €	1.150,25 €
Gastos xerais	11.647,00 €	11.821,71 €	11.999,03 €	12.179,02 €
Gastos xerais	11.647,00 €	11.821,71 €	11.999,03 €	12.179,02 €
TOTAL GASTOS ANO 1	572.151,51 €	612.259,19 €	622.923,25 €	632.244,90 €

Ilustración 48. Custos externos catro anos (tendo en conta o 1,5% IPC e no terceiro e cuarto ano antigüidade persoal). 2020.

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	79/107





TOTAL GASTOS ANO 1	572.151,51 €
ANO 2 (1,5 IPC)	612.259,19 €
CONVENIO (IPC)	1,50%
ANO 3 (1,5 IPC e antigüidade)	622.923,25 €
CONVENIO (IPC)	1,50%
Gastos de estimación antigüidade	1.480,18 €
ANO 4 (1,5 IPC e antigüidade)	632.244,90 €
CONVENIO (IPC)	1,50%
Gastos de estimación antigüidade	1.480,18 €

Ilustración 49. Custos externos 4 anos.

Resumo de Custes		ANO 1	ANO 2	ANO 3	ANO 4
Custos Directos	551.622,91 €	551.622,91 €	591.422,66 €	601.774,18 €	610.778,59 €
Custos Indirectos	20.528,60 €	20.528,60 €	20.836,53 €	21.149,08 €	21.466,31 €
Beneficio Industrial (2%)	11.443,03 €	11.443,03 €	12.245,18 €	12.458,47 €	12.644,90 €
Valor estimado (1 ano)	583.594,54 €	583.594,54 €	624.504,37 €	635.381,72 €	644.889,80 €
IVE (4%)	23.343,78 €	23.343,78 €	24.980,17 €	25.415,27 €	25.795,59 €
TOTAL	606.938,33 €	606.938,33 €	649.484,54 €	660.796,99 €	670.685,39 €

Ilustración 50. Táboa de resumo de custos externos cunha proxección a 4 anos

		ANO 1	ANO 2	ANO 3	ANO 4
Salarios	419.095,44 €	419.095,44 €	479.731,72 €	511.232,31 €	541.703,04 €
Coste directos	132.527,47 €	132.527,47 €	132.527,47 €	111.690,94 €	90.541,86 €
TOTAL	551.622,91 €	551.622,91 €	612.259,19 €	622.923,25 €	632.244,90 €
Coste indirectos	20.528,60 €	20.528,60 €	20.836,53 €	21.149,08 €	21.466,31 €
TOTAL	572.151,51 €	572.151,51 €	572.151,51 €	633.095,71 €	644.072,33 €
Beneficio Industrial (2%)	11.443,03 €	11.443,03 €	12.245,18 €	12.458,47 €	12.644,90 €
Valor estimado	583.594,54 €	583.594,54 €	624.504,37 €	635.381,72 €	644.889,80 €
IVE (4%)	23.343,78 €	23.343,78 €	24.980,17 €	25.415,27 €	25.795,59 €
TOTAL	606.938,33 €	606.938,33 €	649.484,54 €	660.796,99 €	670.685,39 €

Ilustración 51. Táboa 2 de resumo de custos externos cunha proxección a 4 anos

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	80/107





En resume, e tendo en conta todo o anterior, contéplanse unha estimación dos seguintes custes externos, para os catro anos, tendo en conta o Beneficio industrial e IVE.

PRIMEIRO ANO	SEGUNDO ANO	TERCEIRO ANO	CUARTO ANO
606.938,33 €	649.484,54 €	660.796,99 €	670.685,39 €

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	81/107





13. ESTRUCTURA DE CUSTOS INTERNOS

Xa indicamos aquelas funcións que serían ser desenvolvidas a través dun operador especializado, e xa definimos o custe total do servizos externalizados. Neste apartado replicaremos a mesma metodoloxía para obter os custos derivados das funcións correspondentes a xestión con medios propios por parte da Deputación Provincial con colaboración do Concello da Castrovverde en algúns traballos.

13.1 CUSTO TOTAL DO PERSOAL PROPIO

Do contido das táboas salariais da Deputación Provincial, extraíse os seguintes custos unitarios do persoal segundo a súa categoría profesional, e en base aos seguintes niveles funcionariais:

- ◆ Nivel A1 Mandos Medios Superiores (Responsables dos centros)
- ◆ Nivel A2 Mandos Medios Administrativos e Técnicos (Servizos de atención directa cualificada)
- ◆ Nivel C1 Apoio Administrativo e Técnico (Administración/ recepción)
- ◆ Nivel C2 Servizos Auxiliares (Mantemento, persoal de oficios, xardín etc.)

13.1.1 Custo unitario de persoal interno

Do mesmo modo que se fixo para as actividades que se pretenden externalizar, presentaremos agora aquí a estrutura de custo unitario de cada unha das categorías profesionais que se pretenden utilizar para o desenvolvemento das diferentes funcións.

Neste apartado considéranse as seguintes premisas:

- Estímase necesaria a figura dun/dunha responsable da Residencia. Esta figura será compartida ao 50% co psicólogo/a. Este posto de traballo, segundo a experiencia previa que se implantou noutros Centros que seguen este modelo de xestión mediante convenios coa Deputación, **ten asignada unha Atribución temporal de funcións, polo que se ten en conta un complemento salarial debido a esta responsabilidade profesional. Este complemento inclúese no cálculo exposto, lembrando que se ben se establece nun único concepto o salario íntegro deste/a profesional, as funcións do seu posto repartíranse nun 50% en funcións de Responsable do CAM e un 50% en funcións de psicólogo/a.**
- Non se considera o custo dos servizos médicos, debendo estes estar coordinados co servizo público de saúde.
- Considérase necesaria a presenza no centro en 33% de xornada dun/a ATS/ DUE independentemente da necesaria coordinación co servizo público de saúde.
- Tense en conta un incremento ao respecto dos custes de persoal interno, **de 2% do IPC para os vindeiros anos, procurando unha maior aproximación a realidade das retribucións ao respecto do persoal propio da Deputación.**
- **Se ben descoñécese a experiencia previa do persoal da Deputación que prestará servizos na Residencia, a partir do terceiro ano terase en conta o recoñecemento do correspondente trienio, tendo en conta a categoría profesional, e o porcentaxe da xornada laboral destinada a Residencia. Terase en conta o establecido no Real Decreto- ley 24/2018, de 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público (BOE 27 de decembro de 2018).**

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	82/107





A continuación expone a información relativa a cada posto de traballo da Deputación de Lugo, tendo en conta a súa categoría profesional:

POSTO. RESPONSABLE CAM/PSICÓLOGO/A	A1	
CENTRO ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES CASTROVERDE		
CÁLCULO AÑO 2020		
SOLDO		1179,96
TRIENIOS		0
COMPLEMENTO DESTINO		467,83
COMPLEMENTO ESPECÍFICO		550,2
TOTAL SALARIO MENSUAL		2197,99
TOTAL SALARIO PERÍODO		29941,47
COSTE SEGURIDADE SOCIAL PERÍODO		6559,73
TOTAIS	BÁSICAS	15655,11
	COMPLEMENTARIAS	14286,35
TOTAL COSTE PERÍODO		36501,19
INCREMENTO ANUAL ATRIB. FUNCIONS		6095,74
TOTAL CUSTE DO PERÍODO		42596,93

POSTO FISIOTERAPEUTA	A2	
CENTRO ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES CASTROVERDE		
CÁLCULO AÑO 2020		
SOLDO		1020,28
TRIENIOS		0
COMPLEMENTO DESTINO		396,15
COMPLEMENTO ESPECÍFICO		496,48
TOTAL SALARIO MENSUAL		1912,91
TOTAL SALARIO PERÍODO		26292,16
COSTE SEGURIDADE SOCIAL PERÍODO		5621,7
TOTAIS	BÁSICAS	13765,59
	COMPLEMENTARIAS	12526,57
TOTAL CUSTE DO PERÍODO		31913,86

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	83/107





POSTO TERAPEUTA OCUPACIONAL	A2
CENTRO ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES CASTROVERDE	
CÁLCULO AÑO 2020	
SOLDO	1020,28
TRIENIOS	0
COMPLEMENTO DESTINO	396,15
COMPLEMENTO ESPECÍFICO	496,48
TOTAL SALARIO MENSUAL	1912,91
TOTAL SALARIO PERÍODO	26292,16
COSTE SEGURIDADE SOCIAL PERÍODO	5621,7
TOTAIS	BÁSICAS 13765,59 COMPLEMENTARIAS 12526,57
TOTAL CUSTE DO PERÍODO	31913,86

POSTO DUE/ENFERMERÍA	A2
CENTRO ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES CASTROVERDE	
CÁLCULO AÑO 2020	
SOLDO	1020,28
TRIENIOS	0
COMPLEMENTO DESTINO	396,15
COMPLEMENTO ESPECÍFICO	496,48
TOTAL SALARIO MENSUAL	1912,91
TOTAL SALARIO PERÍODO	26292,16
COSTE SEGURIDADE SOCIAL PERÍODO	5621,7
TOTAIS	BÁSICAS 13765,59 COMPLEMENTARIAS 12526,57
TOTAL CUSTE DO PERÍODO	31913,86

POSTO TRABALLADORA SOCIAL	A2
CENTRO ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES CASTROVERDE	
CÁLCULO AÑO 2020	
SOLDO	1020,28
TRIENIOS	0
COMPLEMENTO DESTINO	396,15
COMPLEMENTO ESPECÍFICO	496,48
TOTAL SALARIO MENSUAL	1912,91
TOTAL SALARIO PERÍODO	26292,16
COSTE SEGURIDADE SOCIAL PERÍODO	5621,7
TOTAIS	BÁSICAS 13765,59 COMPLEMENTARIAS 12526,57
TOTAL CUSTE DO PERÍODO	31913,86

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	84/107





POSTO APARELLADOR/A	A2	
CENTRO ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES CASTROVERDE		
CÁLCULO AÑO 2020		
SOLDO		1020,28
TRIENIOS		0
COMPLEMENTO DESTINO		396,15
COMPLEMENTO ESPECÍFICO		496,48
TOTAL SALARIO MENSUAL		1912,91
TOTAL SALARIO PERÍODO		26292,16
COSTE SEGURIDADE SOCIAL PERÍODO		5621,7
TOTAIS	BÁSICAS	13765,59
	COMPLEMENTARIAS	12526,57
TOTAL CUSTE DO PERÍODO		31913,86

POSTO ADMINISTRATIVO/A	C1	
CENTRO ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES CASTROVERDE		
CÁLCULO AÑO 2020		
SOLDO		766,06
TRIENIOS		0
COMPLEMENTO DESTINO		324,54
COMPLEMENTO ESPECÍFICO		398,99
TOTAL SALARIO MENSUAL		1489,59
TOTAL SALARIO PERÍODO		20695,99
COSTE SEGURIDADE SOCIAL PERÍODO		4183,12
TOTAIS	BÁSICAS	10542,46
	COMPLEMENTARIAS	10153,54
TOTAL CUSTE DO PERÍODO		24879,12

POSTO AUX. MANTEMENTO E XARDINS		C2
CENTRO ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES CASTROVERDE		
CÁLCULO AÑO 2020		
SOLDO		637,57
TRIENIOS		0
COMPLEMENTO DESTINO		276,72
COMPLEMENTO ESPECÍFICO		365,17
TOTAL SALARIO MENSUAL		1279,46
TOTAL SALARIO PERÍODO		17943,47
COSTE SEGURIDADE SOCIAL PERÍODO		3475,57
TOTAIS	BÁSICAS	8935,61
	COMPLEMENTARIAS	9007,86
TOTAL CUSTE DO PERÍODO		39362,51

Ilustración 52. Custos unitario de persoal interno por categoría profesional. 2020

A continuación, indicaremos o custe referente a cada profesional segundo a súa categoría profesional, tendo en conta a adicación da xornada laboral no CAM de Castrovirde.

Código Seguro de Verificación	IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Fecha y Hora	28/02/2020 11:15:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ÁNGELA JUSTO RODRÍGUEZ		
Firmado por	IRIA LAMAZARES FERNÁNDEZ		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66RQC4FVMT3FMJQFPRMFBEF4	Página	85/107



PERSONAL INTERNO												
% Xornada	Ocupación	Grupo profesional	TOTAL SALARIO PERÍODO	COSTE SEGURIDADE SOCIAL	COSTE EMPRESA		OUTROS	TOTAL POSTO (CON SEGURIDADE SOCIAL AO 100%)	SEGURIDADE SOCIAL TENDO EN CONTA A XORNADA LABORAL	TOTAL POSTO SALARIOS (SEN SEGURIDADE SOCIAL EN FUNCIÓN DA PORCENTAXE DA XORNADA)	TOTAL A COMPUTAR	
					BÁSICAS	COMPLEMENTARIAS						
100 %	RESPONSABLE CENTRO/PSICÓLOGO/A	A1	29.941,47 €	6.559,73 €	15.655,11 €	14.286,35 €	6.095,74 €	42.596,93 €	6.559,73 €	36.037,20 €	42.596,93 €	
100 %	OFICIAL ADMINISTRATIVO/A RECEPCIONISTA	C1	20.695,99 €	4.183,12 €	10.542,46 €	10.153,54 €	0,00 €	24.879,12 €	4.183,12 €	20.696,00 €	24.879,12 €	
